

## Tema 1. Fonética, fonoloxía e ortografía

### Sons e fonemas

Os seres humanos somos capaces de producir un gran número de sons, pero na nosa expresión lingüística só utilizamos uns poucos. Estes son os que nos interesan e responden a dous tipos:

- Aqueles que sendo conmutados por outros, provocan un cambio de significado
- Aqueles que sendo conmutados por outros, NON o fan.

No primeiro caso, estaremos ante unidades distintivas ás que chamamos **fonemas**, nocións abstractas e ideais que podemos materializar en sons. No segundo, ante distintas realizacións dun só fonema, **alófonos**.

### Os trazos físicos do son

Cada unha das características acústicas ou articulatorias (p. ex: bilabial, oclusivo, xordo...) que interveñen na emisión dun son é un **trazo fónico**.

**Como se produce un son? Que trazos interveñen na súa realización?** O aire sae dos pulmóns, pasa pola cordas vogais, chega á boca e alí resoa e é modificado pola posición da lingua e os labios.

- Se o aire ao seu paso fai vibrar as cordas vogais, os fonemas emitidos son **sonoros**. Se non, **xordos**.
- Se o aire resoa só na boca, son **orais**. Se tamén o fai na cavidade nasal, son **nasais**.
- Conforme á actividade dese obstáculo, podemos distinguir:
  - **Oclusivos**: o obstáculo interrompe completamente a saída do aire e, despois, déixao saír de repente.
  - **Fricativos**: o obstáculo non interrompe completamente a saída do aire e este sae deslizándose.
- Segundo os órganos que interveñen e a súa posición (**punto de articulación**), os fonemas poden ser:
  - **Labiais**: bilabiais ou labiodentais
  - **Dentais**: interdentais ou alveolares
  - **Palatais**
  - **Velares**

### Vogais e consoantes

Desde un punto de vista acústico articulatorio distinguimos catro tipos de fonemas: **vogais, consoantes, líquidas e glotais**.

Desde un punto de vista funcional só dous: **vogais** que poden ser núcleo silábico e **consoantes** que non poden ser núcleo silábico.

### O sistema vocálico

En posición tónica ou átona pretónica, o galego ten sete fonemas vocálicos. Para a súa definición utilizamos dous trazos: **Punto de articulación** e **grao de abertura**.

	anteriores	central	posteriores
pechadas	i		u
semipechadas	e		o
semiabertas	ɛ		ɔ
aberta		a	

Este sistema de **sete** membros redúcese a **cinco** en posición postónica interna e a **tres** en posición átona final (agás préstamos como *hutu, taxi, chapeu...*).

### Hiatos, ditongos e tritongos

Se dúas vogais contiguas pertencen a distinta sílaba estamos ante un **hiato**. Se as dúas vogais pertencen á mesma sílaba falamos de **ditongo**. Dependendo da combinación teremos:

/a/ /E/ /O/ entre elas	HIATO	<i>caer, caos, cea, reo, soa, moe...</i>
/a/ /E/ /O/ con /i/ /u/	HIATO	Se /i/ /ú/ son tónicas: <i>caída, súa</i>
	DITONGO	No resto dos casos: <i>nai, rabia</i>
/i/ + /u/ /u/ + /i/	HIATO	Se a segunda é tónica: <i>miúdo, ruín</i>
	DITONGO	No resto dos casos: <i>miudanzas</i>

Hai tres tipos de **ditongos**:

- **Crecentes:** Se a vogal máis pechada vai diante: *iate, miañar, ciencia*
- **Decrecentes:** a vogal máis pechada vai detrás: *coiro, sei, tomou...*
- **Homoxéneos: (ver anexo 1)**

Cando a combinación é de tres vogais nunha mesma sílaba falamos de **tritongos**. Para que isto se cumpra ten que haber dúas vogais pechadas (/i/ ou /u/) e seren átonas ambas: *cambiou, oficiais...*

Con todo, na lingua oral hai tendencia a desfacer os ditongos e mesmo os tritongos: *Ma-nu(no)-el, lin-gu(go)-a, vi-ei-ra*.

### Vulgarismos por alteracións vocálicas

En todas as linguas o vocalismo átono está sometido a unha forte vacilación. O principal factor para frear iso é a lingua escrita. A ausencia dunha variedade estándar do galego, ao longo de case toda a súa historia, é a causa de que persistan constantes vacilacións e de quen haxa abundantes dúbidas á hora de usar a actual selección normativa.

Estas vacilacións poden ser de tres tipos:

- Cambios no punto de articulación e/ou na abertura dunha vogal por influencia dun fonema próximo.
- Fenómenos de perda ou adición de vogais.
- Fonética sintáctica.

#### 1. Cambios no punto de articulación e/ou na abertura

a) **Por asimilación ou disimilación no timbre dunha vogal átona provocado pola acción dunha vogal tónica:** *documento, quirido, tarreo, firida..; delor, teléfono...*

b) **Por harmonización debido á influencia dun /í/, /ú/ tónicos ou dun iode, polo que os timbres vocálicos tenden a equilibrarse:** *meldita, mendil, Curuña, fortuna, cireixa, queixón, bulsillo, bunito, cucuña...*

c) **Por labialización debido á influencia dunha consoante labial (bilabial <b, v, p, m> ou labiodental <f>) normalmente en sílaba distinta que altera o timbre das vogais átonas <a, e, o>:** *mamoria, romate, somellar, romedio pradicar, festidiar, somana, enválido...*

d) **Por palatalización debido á influencia dunha consoante palatal:** *millor, miniño, chicolate...*

e) **Outros cambios de vacilación vocálica:** *úneco, histórea, títalo, teléfano, polígano, Purtugal...*

## 2. Adición e supresión de vogais


Posición	POR ADICIÓN	POR SUPRESIÓN
Inicio	<b>PRÓTESE</b> ( <i>arradio</i> )	<b>AFÉRESE</b> ( <i>'inda 'topar</i> )
Medio	<b>EPÉNTESE</b> ( <i>ceio, aldeia</i> )	<b>SÍNCOPE</b> ( <i>p'ra, v'ran</i> )
Final	<b>PARAGOXE</b> ( <i>comere</i> )	<b>APÓCOPE</b> ( <i>quer'</i> )

## 3. Fonética sintáctica (encontros de vogais na cadea falada).

### Alteracións vocálicas en distribución dialectal

A diferenza cos anteriores é que estes fenómenos aparecen en áreas compactas. As isoglosas non coinciden, pero pode afirmarse que as alteracións dos timbres vocálicos son tan máis frecuentes, canto máis avancemos cara a occidente. (Ver mapa 1)

- Metafonía por -o final.** Un /e/ ou /ɔ/etimolóxicos péchanse en /e/ ou /o/ por influencia dun -o final: *ollo/ollo; dente/dente*
- Inflexión por nasal.** En contacto cun /N/ implosivo prodúcese o mesmo fenómeno: *ponte/ponte; vento/vento*.
- Apertura de /e/ por influencia dun -A final:** *ela / ela*.



### O sistema consonántico (AFI). Ver anexo 2

LIQUIDAS (Todas sonoras)		
/ l /	Lateral, alveolar	l (fala)
/ λ /	Lateral, palatal	ll (falla)
/ ɹ /	Vibrante simple, alveolar	r (caro)
/ r /	Vibrante múltiple, alveolar	rr (carro), r (roda)
NASAIS (Todas sonoras)		
/ m /	Nasal, bilabial, sonora	m (uma)
/ n /	Nasal, alveolar, sonora	n (una)
/ ñ /	Nasal, palatal, sonora	ñ (uña)
/ ŋ /	Nasal, velar, sonora	nh (unha)
FRICATIVAS (Todas xordas)		
/ s /	Fricativa, alveolar, xorda	s (casa)
/ θ /	Fricativa, interdental, xorda	z, c (caza, cace)

/ ʃ /	Fricativa, palatal, xorda	x (xouba)
/ f /	Fricativa, labiodental, xorda.	f (faba)
OCLUSIVAS SONORAS		
/ b /	Oclusiva, bilabial, sonora	b, v (vate, bate)
/ d /	Oclusiva, dental, sonora	d (dente, cando)
/ g /	Oclusiva, velar, sonora	g, gu (gato, guerra)
OCLUSIVAS XORDAS		
/ p /	Oclusiva, bilabial, xorda	p (poda)
/ t /	Oclusiva, dental, xorda	t (toda)
/ k /	Oclusiva, velar, xorda	c, qu, k (carqueixa)
AFRICADA		
/ tʃ /	Africada, palatal, xorda	ch (chinés)

O cadro responde á norma das falas galegas que non presentan **seseo total**, nin **gheada**.



**Nas zonas con gheada (mapa 3):**

- a) O fonema /g/ -oclusivo, velar, sonoro- ou non existe, ou presenta unha distribución reducida á posición posterior a -/N/ implosivo (/dOmíNgO/).
- b) Nestas zonas, en lugar de /g/ dáse polo xeral /h/, **fonema aspirado, farínxeo e xordo**. Só en pequenas zonas da Costa Occidental, a realización da **gheada é /x/ -fricativo, velar, xordo-**, como o do castelán "jota" /x/ *χota*.

**Nas zonas de seseo total (mapa 2):**

Non se deu o fonema /θ/. Estas zonas repártense entre dúas subnormas básicas:

- a) **Subnorma seseante 1.** Existe un /s/ -fricativo, predorsal, xordo que se opón a un /s/ -fricativo, apical, xordo: /kása/ - /kása/. O primeiro aparece nos mesmos contextos que o /s/ da norma non seseante.
- b) **Subnorma seseante 2.** Só hai un fonema /s/ que, segundo as zonas, pode ter distintas realizacións.



**O ieísmo (ou yeísmo)**

O ieísmo supón a existencia de /j/, -fricativo, mediopalatal, sonoro- en lugar de /ɲ/, -lateral, palatal, sonoro.

**Vulgarismos consonánticos**

- a) **Metátese do R.** Consiste no cambio de posición do R en interior de palabra: *probe, cabirto, esquirbir...*
- b) **Confusión de líquidas:** Consiste na confusión entre L e R en posición implosiva: *alb're, armacén...*
- c) **Rotacismo:** en áreas non compactas, s>r (*mermo*).

**Alteracións do -S implosivo en distribución dialectal**

- a) **Rotacismo.** Consiste na sonorización e vibración do /s/ implosivo, ante consoante sonora e nalgúns casos ante fricativa: *derde, or dous, ár veces, pircina, or zocos*. Dáse na maior parte de Ou e Po e tamén en zonas de Lu, Co e Za.
- b) **Palatalización.** En zonas das Rías Baixas, o Val Miñor e o Condado o -s pode palatalizar en /ʃ/: *dex, martex*
- c) **Aspiración.** Rexístrase esporadicamente no Occidente coruñés e no Val Miñor, (*dehde, jti eh parvo!*)

## A sílaba

Entendemos por **sílaba** aquel fonema ou grupo de fonemas que se pronuncian cunha soa emisión de voz.

### ESTRUTURA DA SÍLABA

A sílaba mínima é a que só posúe UN NÚCLEO. (so-a, ra-í-ña...). Tódalas sílabas teñen un núcleo e este sempre é unha vogal. Os fonemas non nucleares compoñen as **marxes silábicas**. A marxe que vai antes do núcleo chámase **explosiva** e a que vai despois **implosiva**.

TR A NS - P O R - I O U

Me N mi me N mi me N mi

### Tipos de sílaba.

Segundo a existencia de marxe implosiva:

- **Libres ou abertas:** Non teñen marxe implosiva: *tra-to*
- **Pechadas ou trabadas:** Teñen marxe implosiva: *ar-mas*

Segundo o acento:

- **Sílabas tónicas:** aquelas sobre as que recae o acento.
- **Sílabas átonas:** aquelas sobre as que non recae.

### O acento

O acento é a maior enerxía articulatoria con que se pronuncia unha vogal en relación coas que a rodean. Segundo o acento diferenciamos: **palabras átonas** e **palabras tónicas**. Estas poden ser **agudas**, **graves** ou **esdrúxulas**.

### O acento ortográfico

Levan acento ortográfico:

**A)** As palabras AGUDAS rematadas en VOGAL, -N, -S ou -NS. **FÍXATE:** Non o levan as rematadas en **ditongo decrecente** (+ -N, ou -S) : *cantei, acabou, papeis, animais...*

**B)** As palabras GRAVES rematadas en consoante distinta das anteriores

**C)** Todas as palabras ESDRÚXULAS

### O acento diacrítico

Emprégase para distinguir dúas palabras que se escribirían igual pero que se opoñen ou polo timbre da vogal tónica, ou porque unha palabra é átona e a outra tónica:

á, ás (contracción; alas)	a, as (artigo; pron.; prep.)	óso (do corpo)	oso (animal)
bóla (esfera)	bola (peza de pan)	pé (parte do corpo)	pe (letra)
cá, cás (ca+a)	ca (conx.), cas (prep.)	póla (rama)	pola (por+a; galiña)
chá, chás (plana-s)	cha (che+a), chas (che+as)	pór (poñer)	por (prep.)
có, cós (ca.+o , os)	co (con+o), cos (con+os)	présa (apuro)	presa (prendida; presada)
cómpre(n), (é necesario)	compre (n) (de 'comprar')	sé (sede eclesiástica; imp. ser)	se (conx.; pron.)
dá, dás (do verbo. 'dar')	da(de+a), das (de+as)	só (adv. e adx.)	so (prep.)
dó (compaixón, nota musical)	do (de+o)	té (infusión)	te (pron.; letra)
é (pres. de ser)	e (conx.)	vén (pres. de vir)	ven (pres. de ver; imp. vir)
fóra (adv.)	fora (antepret. de ser e ir)	vés (pres. de vir)	ves (pres. de ver)
má, más (mala-s)	ma (me+a), mas (me+as)	vós (pron. tónico)	vos (pron. átono)
máis (adv. e pron.)	mais (conx.)	As formas verbais con acento diacrítico ( <i>dá, é, vén</i> ) sempre o conservan ( <i>dáanos o que che pedimos; éme igual; vénte ver</i> )	
nós (pron. tónico; pl. de nó)	nos (en+os; pron. átono)		
ó, ós (a prep.+o artigo)	o, os (artigo; pron.)		

## Exercicios

### Fonema

Do máis aló da gorxa,  
dun profundo e misterioso fol,  
saíannos sons que debiamos matar.

Repitan:

Los pájaros de Guadalajara tienen la garganta llena de trigo.  
Pero Lolo o de Rita decía  
que *Los pajaros de Juadalagara tienen la jarjanta llena de [trijo]*  
e o mestre dáballe un pau.

A min custoume algún traballo dicir sen respirar  
que había plantas monocotiledóneas  
pero non dei sabido de que familia era  
se é que a tiña  
o toxo que douraba os montes de Galicia.

**Manuel Rivas:** *Costa da morte blues*

### CUESTIÓNS:

#### Fonética e fonoloxía

1. Transcribe foneticamente e define os fonemas vocálicos e consonánticos das seguintes palabras do texto:  
*gorxa* (l. 1), *profundo* (l. 2), *dei* (l. 11) e *toxo* (l. 13).
2. Indica o grao de abertura da vogal tónica de: *fol* (l. 2), *repitan* (l. 4), *mestre* (l. 8), *sen* (l. 9),  
*monocotiledóneas* (l. 10), *era* (l. 12), *montes* (l. 13).
3. Indica os ditongos (clasificándoos) e hiatos do texto.

#### Ortografía

4. Identifica as palabras con acentuación diacrítica e xustifica estas.

#### Semántica

5. Define o significado que teñen no texto: *fol* (l. 2), *monocotiledóneas* (l. 10), *douraba* (l. 13).

### OUTRAS:

1. Tendo en conta as palabras do seguinte poema explica o sistema vocálico galego en posición tónica.

*Púidenche ver as orellas  
antes de que adentaras  
¡Xa podes tocar o zoco...!  
¡Quen te pareu que te lamba!*

**LEIRAS PULPEIRO:** *Cantares gallegos.*

2. Acentúa os seguintes refráns e explica a razón:  
Ven o ben o ben, como as abellas o mel.  
Por facer o home ben, venlle as veces o mal.  
Cando Deu as da non e migalleiro.  
Dame ventura e botame na rua.
3. Acentúa o seguinte poema e explica a razón:

#### TELEVISION

*Nos vemos na television a xente  
pero a xente non nos ve a nos.*

**ARAÚXO,** Emilio: *Cinsa do vento, Noitarenga*, páx. 33

4. Indica os ditongos (clasificándoos), tritongos ou hiatos en: *cuestión, vogais, lingüístico, cambiei, puiden, construír, muiñeira, baúis, río, viúva, circuító, continuou, actúa, moeda, velaí, peito, fiel.*

5. Separa en sílabas e clasifica en función da marxe(s): *bilingüe, cruel, algunha, cohesión, Riotorto, Goiás, Paraguai, Suíza, cámbiana*

6. Identifica e explica o(s) fenómeno(s) consonántico(s) que hai nas seguintes cantigas:

<i>Moso do calsón alleo</i>	<i>Non quero sapato torto</i>	<i>Virgen de portas abertas</i>
<i>do sombreiro emprestado</i>	<i>que me fai mui mal andare</i>	<i>traí os zapatiñor blancos</i>
<i>dixom'o dono d'almilla</i>	<i>non quer'un moso fóra</i>	<i>i ar mózar de Florderrei</i>
<i>que lle volvése-lo saio</i>	<i>que o teño no lughare.</i>	<i>vana ver or días santos.</i>

SANTAMARINA e SCHUBARTH. *Cantigas populares*, Galaxia, páx. 79 e 116

7. Na seguinte lista hai trece palabras agudas, trece graves e trece esdrúxulas. Clasifícaa e ponlles acento ortográfico cando sexa preciso. Razona cada decisión:

*Aerolito, alguen, ancora, atmosfera, atono, baul, cainzo, coengo, construír, coxin, dolmens, elite, esquí, extase, fiuncho, ioio, lapis, luns, magoa, menu, mobil, motin, nenez, niveo, papel, periodo, purpureo, pustula, reptil, ruido, ruíns, tepedo, textil, torax, triunfo, vespera, xerseí, xordeira.*

8. *Fora / fóra, doce / doce* son pares de palabras que se diferencian polo grao de abertura da vogal tónica (semiaberta ou semipechada). Seguindo estes exemplos, fai un cadro con cando menos seis pares de palabras de cada explicando a diferenza de significado.

9. Acentúa e xustifica o uso do til diacrítico do seguinte texto:

Aquel era un país marabilloso, fantástico...; nos achabámonos, sen dúbida, no famoso reino da fonética e da fonoloxía, nos confíns do continente ortográfico. Mais os tempos que corrian non eran bos para os prosódicos, xentilicio co que se coñecía os seus habitantes. As cousas non ían nada ben, pois había unha seriea confrontación dialectico-filosofica entre os partidarios da autodeterminación acentual e os que pretendían seguir fieis as normas que rexían na súa comunidade; e todo por culpa duns dirixentes que, dalle que dalle, non facían máis que botar lume ao conflito, e e que ao asunto, a fin e ao cabo, non se lle vía saída ningunha. Xa non había harmonía entre as etnias tónicas e as atonas, o posible acordo facíase a cada paso menos fácil, pois aínda por riba unha facción denominada diacrítica viña a agravar a situación. O lema destes últimos era: "homografía ao poder". A súa xerga erache un chisco complicada, dicían cousas tales como: "cando non ven que ven el, din que ves ti, xa ves" ou "no camiño achei un no e funo por por intuición so unha pola pola que un paxaro revoaba, do que non tiveron do, e tentei de facerme con el de presa, sería unha presa máis, máis non o conseguín, so mancar un oso, compre, pois, que teñades tino". A cousa esta esta clara, neste país semella que so vos caben os diacríticos, acumulados os bos e xenerosos. E vos que dicides ao respecto?

10. Comenta os vulgarismos que presenta o seguinte texto, transcríbeo foneticamente e define os seus trazos, comentando os fenómenos fonéticos que teñen repercusión na escrita.

"E logo que hai de novo señora Delfina? Quén é ise hóspede que ten no cuarto grande do balcón?", preguntou o sarxento da Guardia Civil, pousando o vaso de Ribeiro i-enxugando c'un branco pano, dobrado en catro, os grandes bigotes de regramento.

"A pousada", *Contos do camiño e da rúa* de R. Otero Pedrayo

## **Tema 2. As variedades dialectais. Bloques e áreas dialectais. Principais trazos fonéticos, morfolóxicos e sintácticos.**

### **1. As variedades dialectais**

Todas as linguas presentan variacións xeográficas (diatópicas), ben porque a evolución da propia lingua non é uniforme no seu territorio (caso das variedades diatópicas actuais do galego), ben por seren implantadas en territorios diferentes ao seu lugar de orixe.

Desde o século XIX, a lingüística vén empregando o termo **dialecto** para referirse a cada unha das variedades xeográficas que presenta unha lingua. Outra acepción frecuente é empregala en sentido diacrónico para establecer a relación entre unha lingua e aquela da que se orixina (P. ex: “o galego é un dialecto do latín”)

#### **A baixa consideración social do dialecto.**

No rexistros coloquiais, pódese atopar o uso da palabra dialecto para referirse a un sistema lingüístico de “categoría inferior”. Nesa consideración pexorativa, inflúe a falsa identificación da lingua coa súa **variedade estándar** e expresa o prexuízo social de que esa variedade, normalmente identificada cos grupos sociais dominantes, é superior e de máis prestixio que as outras.

#### **Usos asimilistas do termo dialecto**

En situacións diglósicas, é frecuente que a lingua minorizada sexa denominada como dialecto por aqueles que impulsan a súa substitución. É ese un xeito de establecer nominalmente unha diferenza social, non lingüística. Dialecto adquire así a connotación de “*non lingua*” ou “*lingua de segunda clase*” e para alimentar ese estereotipo acódese a inexistencia dunha variedade estándar ou á súa ausencia das funcións superiores da vida social.

### **2. Variedades xeográficas do galego.**

A pesar da ausencia multiseccular dun estándar, que sempre actúa como elemento nivelador, a distancia entre as diferentes variedades xeográficas do galego é moi pequena e, polo tanto, a intelixibilidade, entre elas é plena.

Con todo, a inexistencia dese estándar e o desprestixio social da propia lingua (comezando pola variedade propia) impediron aos falantes teren unha imaxe ben definida do seu propio sistema lingüístico. Iso provocou:

A) A figuración negativa de que o galego se encontra nunha fase de dialectalización dificilmente superable, por contraste coa “uniformidade” do castelán.

B) A negación por parte de moitos falantes de que non falan *galego auténtico*, senón un *galego chapurrao ou castrapo*, e que o *galego cerrado* se escoita en tal ou cal lugar, que con frecuencia se asocia cun sitio ou cunha zona moi distante da persoa, lugar unido moitas veces á idea de atraso e rusticidade. Xúntanse aquí o desprestixio social da lingua galega e das súas posibles variantes dialectais.

#### **Fenómenos lingüísticos máis relevantes con distribución dialectal:**

##### **A. Na fonética:**

A existencia de varios sistemas de ditongos procedentes da evolución dos grupos latinos –ULT, -UCT, -OCT e –ORI > *oi* maioritario (*moito, escoitar, loita, troita, noita...*), *ui* (*muíto, escoitar, luita, truita, nuite...*) solución propia do occidente coruñés, mentres que formas como *muíto, luita* (e *mutio, lutia*), pero *noite, coiro* son propias do galego oriental. **(MAPA-2)**

O seseo, propio do occidente coruñés e pontevedrés, que consiste na pronuncia con /s/ de palabras como *cego, facer* (seseo explosivo ou prenuclear) e *luz, dez* (seseo implosivo ou posnuclear). **(MAPA-3)**



A *gheada*, que caracteriza o galego occidental e gran parte do central, consiste na pronuncia do *g* fundamentalmente como unha aspirada farínxea en formas como *ghato, cegho*. No grupo *-ng-* pode aparecer (*domingo, ninguén*) ou presentar enxordecemento (*dominco, ninquén*). A *gheada* ao igual ca o seseo é rexeitada nos usos formais orais da lingua. **(MAPA-4)**

#### B. Na morfoloxía nominal:

A formación do plural dos nomes e adxectivos rematados en *-n*: *cans, lambóns*, do galego occidental; *cas, lambós*, do central; *cais, lambois*, do oriental. **(MAPA-5)**

O resultado das terminacións latinas *-ANUM, -ANOS, -ANAM, -ANAS*, con dúas solucións maioritarias: *-án(s)* sen distinción xenérica no galego occidental (*irmán, verán, ran*) e *-ao(s) /-á(s)* no central e oriental (*irmao / irmá, verao, ra*). **(MAPA-6)**

A existencia de tres principais paradigmas de deícticos. O de maior extensión xeográfica é *este(s), esta(s), esto*, cunha soa marca de xénero; o paradigma *iste(s), esta(s), isto*, co masculino hipercaracterizado, é propio de case todo Ourense e sur de Lugo (esta distribución xeográfica afecta tamén á realización do pronome persoal tónico *il / el*); e *este(s), esta(s), isto*, con dobre marca no neutro (o correcto no galego común), rexístrase na fala soamente no nordeste da Coruña e no sur de Pontevedra. **(MAPAS-7 e 11)**

O pronome suxeito *ti* da lingua estándar é característico do galego occidental e parte do central, fronte ao conservador *tu* do resto do dominio lingüístico. **(MAPA-8)**

#### C. Na morfoloxía verbal:

Na P3 dos perfectos regulares en *-er* e *-ir* danse neutralizacións: en *-iu* no occidente coruñés (*colliu, vendiu*, coa terminación de *partiu*), e en *-eu* en zonas de Lugo, A Coruña e Pontevedra (*parteu, subeu*, con *colleu*).

Nos verbos irregulares son numerosas as variantes, algunhas delas con gran tradición no galego escrito, como ocorre co ourensán *faguer*, co ourensán e lucense *tragner* ou cos formas mindonienses *esteña* e *seña*, ben documentadas en Cunqueiro e no galego dos anos sesenta e setenta.

As P4 e P5 do imperfecto (copretérito), pluscuamperfecto (antepretérito) e futuro hipotético (pospretérito) conservan o acento grave (*cantabamos, cantáramos, cantaríamos*), como en latín, na maior parte de Galicia; fronte á realización proparoxítona do oeste e norte da Coruña e a metade norte de Lugo (*cantábamos, cantáramos, cantaríamos*). **MAPA-12)**

D. Na **sintaxe** destaca o uso do pronome persoal átono *che* para obxecto directo e indirecto (*vinche, xa cho mandei*) no occidente coruñés (cheísmo) e o uso de *te* (teísmo) para esas mesmas funcións no galego do Baixo Miño e das Portelas de Zamora (*vinde, xa to mandei*), fronte á lingua estándar que diferencia esas funcións (*vinde, xa cho mandei*). **MAPA-9**

### 3. Bloques e áreas lingüísticas do galego:

Desde o século pasado foron varias as tentativas de delimitar dialectos no ámbito da lingua galega. Os estudos máis recentes, débémollos Francisco Fernández Rei que, con material recollido polo ILG, fai unha proposta na que prefere omitir o termo dialecto e referirse a BLOQUES, ÁREAS e SUB-ÁREAS. En total emprega 78 trazos (fonéticos e morfolóxicos) e corrobora dúas ideas albiscadas nos seus predecesores:

- A repartición é fundamentalmente (a macroscopio) vertical.
- Estas isoglosas verticais son de Occidente a Oriente de tendencia progresivamente conservadora.

Esta é a súa proposta simplificada: **ver MAPA 1.**

### 3.1. Bloque occidental:

Valémonos para a súa delimitación das isoglosas *pantalóns / pantalós* e *irmán / irmao*, coincidentes en gran parte co seu trazado. Nel fican incluídas as falas occidentais da Coruña e Pontevedra. No seu conxunto é un bloque lingüístico innovador. Caracterízase polos seguintes trazos:

- Seseo implosivo en case todas as falas do bloque (*des, lus*), seseo explosivo só en parte (*faser, vesíño*).
- Gheada (*ghrande, soghra*).
- Plural *-ns* (*cans, ladróns, xardíns*).
- Terminación *-an* para os dous xéneros en formas como *meu irmán, miña irmán, o verán, a mazán*
- Pronome suxeito *tí*.
- Formas verbais *colleches, vendeches, foches* fronte a *colliches, vendiches, fuches*.

Neste bloque occidental distínguense tres áreas lingüísticas: a **bergantiñá**, a **fisterrá** e a **pontevedresa**.

A **área bergantiñá** comprende os falares marcados entre a isoglosa do seseo explosivo ou prenuclear na Coruña e a de *cans / cas*. Como trazos lingüísticos destacaremos:

- Ausencia do seseo prenuclear ou explosivo (*des, pero cociña*).
- Pronomes *nòs / nosoutros* e *vòs / vosoutros*.
- Ditongo *oi* (*moito*).
- Formas verbais *cantábamos* (e *cantábanos*) / *cantabamos*.
- Predominio da VT *-i-* (*colliu, partiu*).

A **área fisterrá** no occidente coruñés presenta os seguintes trazos:

- Seseo total (implosivo e explosivo: *des, lus, cosíña, sinco*).
- *Cheísmo*: uso de *che* para dativo e acusativo (*regaleiche un libro, vinche na praia*).

Dentro da área **fisterrá** hai dúas subáreas: a **fisterrá norte** (ou do **Xallas**) e a **fisterrá sur** (con tres subáreas: **Tambre-Barbanza**, **Bembibre** e **Compostelá**).

A **subárea fisterrá norte**, caracterízase pola presenza do ditongo *-ui-* (*muíto, truíta, cuiro*) e a terminación *-iu* para a P3 dos perfectos dos verbos da CII e CIII: *colliu, vendiu, partiu, sibiu*.

A **subárea fisterra sur**, entre a ría de Muros-Noia e a de Arousa, fai os referidos ditongos en *-oi-* (*moito, troíta, coiro*) e as formas verbais da P3 dos perfectos en *-eu* (*colleu, vendeu, parteu, subeu*).

A **área pontevedresa**, nela inclúense as falas pontevedresas do bloque occidental e mais as da comarca da Ulla coruñesa. Trazos lingüísticos desta área son:

- Formas *avò, mò* por *avoa, moa*.
- Formas etimolóxicas *cantabamos, cantaramos*.
- Verbo *caír* maioritario.

Dentro da **área pontevedresa** a **subárea do Miño** ou **Tudense** presenta os seguintes trazos:

- Ditongo *-oi-* en *noite, oito, -ui-* en *muíto, truíta* e alternancia *-oi-* / *-ou-* en *coiro / couro, vasoira / vasoura*.
- Presenta un /e/ semipechado en palabras onde o común no resto de Galicia é un /e/ semiaberto: *neve, muller, queres*.
- Demonstrativos con caracterización do neutro en *i-*: *isto, iso, aquilo*.

### 3.2. Bloque central:

Ocupa case a totalidade das provincias de Lugo e Ourense (agás a parte oriental) e o leste das da Coruña e Pontevedra. A súa fronteira lingüística co bloque occidental vén dada polas isoglosas *camiós / camións* e *irmao / irmán*. A fronteira co bloque oriental defínea a isoglosa *camiós / camiois*.

#### Trazos máis característicos deste bloque son:

- Non hai seseo. Distínguese entre /s/ e /q/: *cocer, pazo / coser, paso*.
- Formas do plural con perda do *-n* do singular: *cas, ladrós, xardís*.
- Distinción *-ao / -á* no resultado dos sufixos latinos *-ANUM / .ANAM*: *meu irmao / miña irmá, o verao...*
- Pronome suxeito *tu*.
- Formas verbais *colliches, vendiches, fuches, cantades* e *cantabades*.
- Ditongo *-oi-* en formas como *moito, troita, noite*, etc.
- Por outra parte, fenómenos que poden ser considerados característicos do bloque occidental, como a *gheda* e o pronome suxeito *tí*, penetran amplamente neste bloque.

No bloque central poden delimitarse catro áreas: **a mindoniense, lucu-auriense, central de transición e oriental de transición.**

A **área mindoniense** corresponde á parte nororiental da provincia da Coruña e mais ó norte de Lugo. Como trazos sinalaremos os seguintes:

- Pronome suxeito *nosoutros, vosoutros* no canto do maioritario *nòs, vòs*.
- Formas verbais *seña, esteña* fronte ás do galego estándar *sexa, estea*.

A **área lucu-auriense**, que corresponde á metade sur da provincia de Lugo e á maior parte de Ourense, presenta como trazos máis salientables:

- Paradigma dos demostrativos *iste, ise, aquil*, fronte a *este, ese, aquel*.
- Pronome tónico *il*, en vez de *el*.
- Pronome suxeito *tu*. A forma occidental *ti* penetra en forma de cuña especialmente contra o centro de Lugo.
- Formas con acentuación etimolóxica *cantabamos, cantaramos*.
- Formas *cuatro, guardar*.
- Adverbios de lugar absolutos *eiquí / acá, alí / alá // eiquí / acó, alí / aló*.

Característico das comarcas de Chantada e Terra de Camba é a presenza do verbo *tir*, por analogía con *vir*.

A **área central de transición** comprende os falares do bloque central que quedan entre a área mindoniense e a área lucu-auriense. Presenta os seguintes trazos xerais:

- Pronome suxeito *el*, maioritario.
- Deíctico *este*, igualmente maioritario.

A **área oriental de transición**, cos falares comprendidos entre a subárea auriense no suroeste do bloque central e o bloque oriental. Trazos:

- Deíctico masculino *este* e pronome *el*.
- Ditongo *-oi-* e *-ui-* (*moito, muito, troita, truíta*)

### 3.3. Bloque oriental:

Comprende os falares do chamado galego exterior (occidente de Asturias, León e Zamora) e o leste de Lugo e Ourense. O seu límite co bloque central vén marcado pola isoglosa *ladrois / ladrós*. Trazos comúns á

maioría destes falares son os seguintes:

- Plural en *-is* para os nomes terminados en *-n* no singular: *cais, ladrois, beis...*
- Plural *-is* en nomes agudos rematados en *-l*: *animais, caracois* (fronte ás formas máis comúns no resto do territorio: *animás, caracós; animales, caracoles*).
- Distinción *-ao / -á* coma no bloque central.
- Terminación *-in* en *camín, padrín*, agás nos falares do leste de Ourense e oeste de Zamora, onde teñen a forma *-iño*, común no resto de Galicia.
- Formas *baxo, caxa, faxa*, no canto de *baixo, caixa, faixa*.
- Formas verbais *colliche(s), vendiche(s)*, coma no bloque central, pero *cantais, cantabais*, etc., fronte a *cantades, cantabades*, etc., da maioría dos falares galegos.
- Ditongo *-oi-* en *noite, coiro* e *-ui-* (con variantes) en *muíto, truíta, escuíta* (ou *muto ~ mutio, truta ~ trutia, escuta ~ escutia*).
- Conservación do *u* [w], fricativo redondeado bilabial, en palabras como *cuatro, cuando, guardar, guadaña*. Este último trazo penetra amplamente no bloque central. **(MAPA-10)**
- No bloque oriental pódense delimitar catro áreas de desigual extensión xeográfica: **área asturiana, ancaresa, zamorana e oriental central**.

A **área asturiana** comprende o galego da Terra Navia-Eo en Asturias e do concello lugués de Negueira de Muñiz. caracterízase polos seguintes trazos:

- Mantemento do *-l-* intervocálico latino (*avolo, molín* por *avó, muíño*). O plural dos nomes rematados en *-l* é, polo tanto, *-les* (*animales, caracoles*).
- Presenta as terminacións *-íus, -ía(s)* fronte ó galego común *-iños, -iña(s)*, en formas como *vecíus, vecía(s)*. Para o masculino singular ten a terminación *-in* (*vecín*), igual que na área ancaresa.
- No artigo masculino singular existe unha forma *el* (ou *l'-*): *l'amigo, el riu, l'herba*.

A **área ancaresa**, constituída polos falares dos Ancares e Bierzo Occidental leoneses, presenta os seguintes trazos:

- Conservación das vogais nasalizadas medievais: *ladrôes, vecía, ûa* por *ladróns, veciña, unha*).
- Presenza de gheada, insólita no bloque oriental (*amigho*).
- Teísmo como na microsubárea do Baixo Miño.
- Demonstrativos *estos, esos, aqueles* e mailo pronome persoal *elos*, como na área asturiana.
- Posesivos *meu(s), tou(s), sou(s)* e *mía(s) ~ mía, túa(s), súa(s)*. Trazo compartido coa área asturiana

A **área zamorana** formada polos falares de entre as Portelas en Zamora e o concello ourensán da Mezquita. Trazos:

- Formas verbais do perfecto *collí, partí, dixé, fice*, sen o *-n* propio do galego común.
- Teísmo (*díxote un segredo*) ao igual que na microsubárea do Baixo Miño.

A **área oriental central**, a ela pertencen os falares do bloque oriental non encadrados en ningunha das tres áreas analizadas. Presenta trazos xerais do citado bloque, pero carece esta área da terminación *-íus, -ía(s)*, da nasalidade ancaresa e da desinencia  $\emptyset$  de formas como *collí, partí, fice*.

Á parte mencionar a **área estremeña**, a ela pertence a chamada **fala de Xálíma (valego, coas variantes valverdeiro, lagarteiro e mañego)** no Val do Ellas (uns 5000 falantes). **(Ver mapas 13-14)**.

**Textos dialectais e cuestións:**

**TEXTO 1**

*Eu comprara us cuantos xamòis. È bindinllos aquí a Dositèu i a Graña. I entònces lebaron cadansúa mula..., i èu tía tamèn úa iègua tal..., ie fòmos xuntar nos xamòis ie descargamos para pasar úa barca i un riu... (è este; pero daquel'èra riu; ora xa è embalse). Iè..., è solto a ègoa. (E dicían que ti'o nobi'alí enfrènte, iè... è non sei s'èra berdá se nòn). Iè bais'a ègoa... ¡catapumba! ¡jindo polo areal alante! Díxenll'èu aquí a Dositèu i a Graña:*

*- Lèb'o dèmo non se nos bai al riu a ègoa, è.*

*Dixo'l Dositèu:*

*- No. Bai beber auga.*

*Non mirou pr'auga máis que... ¡puf! Al riu, aparelada è tal. Però, craro, a ègua pòis... caeu para máis abaxo, porque, craro, al cachòn levoua, i entònces non pudí'apelar. Èra úa altura de... de... Digo:*

*- Adiòs que che baía bèn; afundiuse todo.*

*E lougo..., pos pasamos alá. Eu, ba..., pola mía ègua i os aparellos...; a'lbarda, que non èra mía (mía: èra da ègua, però non èra da ègua tampouco; èra prestada). Digo:*

*- Me cago en la lèche puta.*

*E claro, comprar outra ègoa com'aquela... Cuartos abía poucos. Eso. Indo no medio da lancha aquela pra busca-los xamòis que ti'alí enfrènte...; pois parecía..., así parecían dous...¡ as orellas!, como se foran dous paxaríus. E dixo Graña:*

*- ¿Qué bai alí?*

*Però tíamos úa distancia lòca.*

Recollido por Antón Santamarina, *Verba*

**TEXTO 2**

*Eu tuben unha mosa que fun, fun con èla sète, sète meses e medio e non lle, non lle tropesèi nin un pelo da roupa. ¡Nadiña, nadiña! E miraba pr' ela como para, para, para María Santísema ¡alabado sea èla! Pero, claro, eu despois, bai èla e díxome un día, unha noite cheghèi, qu'eu iba sèmpre moi contènto pr'èl, e cheghei èl e vai èla e díxome, chejamos á pòrta da casa, salimos do baile e chejamos á pòrta da casa e'ntonses díxom'ela:*

*- Mira, non bolbas máis.*

*- ¿Cómo dixestes?*

*- Non bolbas máis que non que...*

*- E lòjo por que?*

*- Porque non quèro ter moso, eu non quèro.*

*- E lòjo cando quèiras ter moso (díxenll'èu), cando quèiras ter moso, non me, non me as de falar?*

*- ¡Aí, despois veremos!*

*Aquela noite non dormín. Fòi unha cousa que... Diòs nos libre que oxe sentiran tanto as cousas como sintiamos nòs daquela. Oxe no ai verjonsa; tanto lle tèn que lle dijan que baía coma que non baía. Se bai, bai; e, se non bai, queda. O que si: que cando ban, xa ban con èlas amarradas; se è un ome lèbaa presa a èla; bai enjanchada nel. Así que non se sabe... Oxe non se pòde dísir nada...*

Recollido do ALGA.

### TEXTO 3

- *Il dixo que cheghara alá por as cuatro ou cinco da mañá, pero tu non llo comèntes òs seus irmaos, porque seghuro que o mallan.*

- *È cèrto, disque un día o Celestino còlleuno bindo dunha fèsta ás dèz do día seghinte, e non queiras tu saber como o puxo, tío, a tunda que lle diu.*

- *Esta bez biña da discòtèca, de Xinzo. Atopouse cunhos amighos i'alá se foron de noite, il i'os outros, os sète ou òito que èran nun còche por os camiños aquiles. E, claro, estibèron a copeare, cubata bai, cubata bèn, coma animais. Il, o rapace, sèica colleu unha tranca que non se tiña de pè, e lògho, claro, o accidente por o río abaixo. ¡Que desghracia! Non partiu a cabeza de milaghre. Sèica cheghou cos pantalós tòdos rachados.*

- *Pòis mènros mal que aínda abía lúa, tío.*

- *Poise o coche quedou esmaghado que non sèrve pa nada. ¿Pero tu biches que cuadro? ¡Como estaba! Nòs iamos pa casa e non dabamos crido que non oubèse mortos. Èu aínda chamèi por unhos veciños e preghuntei, e non me soubèron dicir ninghèn como iè que foi.*

- *Ai, xubentude...¿Qué? ¿Acabandes eiquí ou que?... ¿Colliches os teus papeis?*

*Non collí, non. Cúlleos tu... ¡Corazós tolos!*

#### **Cuestións:**

1. Sinala en cada un dos textos os trazos que o localizan nun dos tres bloques (e áreas). Indica como serían nos outros bloques.
2. Sinala outros trazos dialectais. Indica como serían noutras zonas e cal é a selección estándar.

#### **3. Comenta o uso que se fai do termo dialecto no seguinte fragmento:**

(P.) ¿Se hablan en España otras lenguas más que la lengua castellana?


(R.) Puede decirse que en España solo se habla la lengua castellana, pues aparte de esta sólo se habla el vascuence que, como lengua única, sólo se emplea en algunos caseríos vascos y quedó reducido a funciones de dialecto por su pobreza lingüística y filológica.

(P.) ¿Y cuáles son los dialectos principales que se hablan en España?

(R.) Los dialectos principales que se hablan en España son cuatro: el catalán, el valenciano, el mallorquín y el gallego.


*Catecismo patriótico español (1939)*

Dialectoloxía. Mapas:




Cadro de bloques, áreas e microsubáreas da lingua: galega

Cadro de bloques, áreas e microsubáreas da lingua: galega		
BLOQUE OCCIDENTAL (I)	ÁREA BERGANTIÁ (A)	
	ÁREA FISTERRÁ (B)	Subárea do Xallas (B-1) Subárea do Tambre-Barbanza (B-2) Subárea de Bombibre (B-3) Subárea compostelá (B-4)
	ÁREA PONTEVEDRESA (C)	Subárea do Ulla-Ullma (C-1) ..... Subárea do Verdugo ..... Macrosubárea Verdugo-Miño (C-2) . . . Subárea do Miño
		Microsubárea do Sainés (C-1a) Microsubárea da Ulla (C-1b) Microsubárea Moraña-Cotobade (C-1c) Microsubárea Redondela-Mondariz (C-2a) Microsubárea Morrazo-Fragoso (C-2b) Microsubárea do Baixo Miño (C-2a') Microsubárea do Miño (C-2b') Microsubárea do Louriña (C-2c') Microsubárea do Condado (C-2d')
BLOQUE CENTRAL (II)	ÁREA MINDONIENSE (D)	Subárea occidental (D-1) ..... Subárea oriental (D-1) .....
	ÁREA LUCU-AURIENSE (E)	Subárea lucense (E-1) ..... Subárea auriense (E-1) .....
	ÁREA CENTRAL DE TRANSICIÓN (F)	Subárea occidental (F-1) .....
	ÁREA ORIENTAL DE TRANSICIÓN (G)	Subárea de Meira (F-2) Subárea de Oimbra-Vilardovós (G-1)
		Microsubárea da Capelada-Ferrol-Guitiriz (D-1a) Microsubárea Viveiro-Xermade (D-1b) Microsubárea da Mariña-Xistral (D2a) Microsubárea da Mariña-Lourenzá (D-2b) Microsubárea de Becerreá (E-1a) Microsubárea da Limia Baixa (E-2a) Microsubárea da Limia Alta (E-2b) Microsubárea do Ribeiro (E-2c) Microsubárea das Mariñas (F-1a) Microsubárea Ordes-Terra de Montes (F-1b)
BLOQUE ORIENTAL (III)	ÁREA ASTURIANA (H)	Subárea A Veiga-Os Oscos-Ibias (H-1) Subárea Salave-Coaña-Boal (H-2)
	ÁREA ANCARESA (I)	
	ÁREA ZAMORANA (L)	Subárea de Porto (L-1) Subárea da Mezquita-Lubián (L-2) .....
	ÁREA ORIENTAL CENTRAL (M)	Subárea da Fonsagrada-O Courel-O Bierzo (M-1) ..... Subárea do Valdeorras-Viana (M-2) .....
	Microsubárea da Mezquita (L-2a) Microsubárea de Lubián-Hermisendo (M-1a) Microsubárea da Fonsagrada-Cervantes (M-1a) Microsubárea do Courel (M-1b) Microsubárea do Bierzo (M-1c) Microsubárea do Valdeorras (M-2a) Microsubárea do Bolo-Viana (M-2b)	




**Mapa 2.** Distribución das formas *moito*, *muito*, *mutio* e *muto*




**Mapa 3.** O seseo no territorio lingüístico galego

— sinco / cinco  
 - - - - - des / dez




**Mapa 4.** Distribución xeográfica da aspiración do /g/

— gheada / non gheada




**Mapa 5.** A formación do plural dos nomes rematados en *-n*

**Mapa 6.** Xeografía dos resultados das terminacións latinas *-ANUM*, *-ANAM*




— irmán / irmá / irmao (-ANUM)  
 - - - - - mazán / mazá (-ANAM)



**Mapa 7.** Xeografía das formas neutras dos déicticos







**Mapa 8.** Xeografía dos pronomes suxeito *ti / tu*




**Mapa 9.** Xeografía do *cheísmo*, do *teísmo* e da distinción de *che* e *te*



**Mapa 10.** Xeografía das formas *cuatro* e *catro*



**Mapa 11.** Distribución das variantes fonéticas de *este* e *el*



**Mapa 12.** Xeografía das formas paroxítonas e proparoxítonas na P4 e P5 do imperfecto de indicativo



**Mapas 13-14.** Xeografía do galego da área estremeña (valverdeiro, lagarteiro e mañego).

**Alguns trazos:** predominio da vogal final –u sobre –o (*xenru*, *tempu*), ditongo –oi– no canto de –ou– (*toiru*, *poicu*), solución –ei en lugar de –eu (*ei*, *mei*, *bebei*)...

## Tema 3. A estrutura da palabra

### Caracterización

A estrutura máis simple dunha palabra consta dun só elemento: a **raíz** ou **núcleo** (*hoxe, gratis ...*). A este elemento indispensable, a maior parte das palabras engaden os **afixos**.

<b>Afixos</b>	<b>Sufixos:</b> despois da raíz	<b>Flexivos</b> (gramaticais e desinenciais) <b>Derivativos</b> (alterativos e derivativos)
	<b>Prefixos:</b> antes da raíz	

Os **sufixos flexivos** (de xénero e número, para as palabras de flexión nominal; de modo/tempo e número/persoa, para os verbos) son obrigatorios e teñen significado gramatical. Pola contra, os **derivativos** non son obrigatorios para a actualización dun tema e teñen significado léxico, serven para crear novas palabras con novos significados.

#### A RAÍZ pode ter significación:

- **Léxica:** *gato/o/s, cant/a/r, comod/a/mente*. Neste caso, tamén se lle chama **lexema**
- **Gramatical:** *est-e-s, aquí, por*

A maior parte das raíces poden aparecer na cadea falada sen máis actualización que os sufixos flexivos correspondentes (*corr/e/re/mos*), no entanto algunhas, ademais diso, sempre aparecen ligadas a afixos derivativos (*tra/duc/i/r, con/duc/i/r, in/duc/i/r*) ou outra raíz (*osteo-xénese*). Este caso é especialmente corrente en cultismos de orixe grega ou latina (*oste-íte, peri-ósteeo, end-ósteeo*).

Segundo admitan ou non **sufixos flexivos**, as palabras poden clasificarse en:

- VARIÁBEIS:** nome, artigo, pronomes, verbo
- INVARIÁBEIS:** adverbios, conxuncións, preposicións...

Segundo a **estrutura**, poden clasificarse en:

- **Simple:** Formadas unicamente pola RAÍZ (*hoxe*) ou por **R+SF:** *gat/o/s, com/e/re/mos*
- **Derivadas: (PREF) + R + (SUF. DER.):** *comun/mente, trans/corr/e/r, em/barc/ad/oir/o*
- **Compostas:** Teñen **dúas** ou máis **RAÍCES**, sen afixos derivativos: *pap/o/rubi/o, verd/i/branco*
- **Parasintéticas:** composición+derivación (*port/o/rriqueño, pro/norte/america/n*) ou unión simultánea dun prefixo e dun sufixo a unha base, sen que poida forxarse unha palabra intermedia (non pode suprimirse un dos afixos): *engaiolar* é parasintética porque non existe o substantivo \*engaiola ou o verbo \*gaiolar.
- **Complexas** (ver anexo 1).

Nalgunhas palabras **compostas** e **derivadas** (adverbios en **-mente**, algúns nomes con base verbal) entre as dúas raíces pode aparecer unha vogal de relación (*rab-i-long/a*), que con frecuencia se corresponde cun antigo morfema de xénero ou a vogal temática dun verbo, pero que non conservan o seu significado inicial, polo que non poden ser consideradas como tales (*pap-o-rubi/o, tol-a-mente, at-a-dur/a*).

#### Sufixos alterativos

Á beira dos sufixos derivativos, están os alterativos. Estes nunca provocan un cambio na categoría da palabra. Adóitanse clasificar en:

- **Diminutivos:** *mesiña, comedela, camisola, burrico*
- **Despectivos:** *avogaducho, xentalla, ferrancho...*
- **Aumentativos:** *mullerona, casaza, paredón*
- **Intensificadores:** *grandísimo...*

É frecuente que os dous primeiros conteñan matices positivos ou pexorativos.

## Sufixos derivativos

Segundo o significado que aportan, os sufixos derivativos poden clasificarse en oito grandes grupos (algúns susceptíbeis de matices):

Colectivos	Colectivos en xeral: <i>goleada</i> Árbores ou arboredos: <i>abeleira, abeledo</i> <b>-ado</b> : <i>alumnado</i> ; <b>-eira</b> : <i>cabeleira, maceira</i> ; <b>-al</b> : <i>areal</i> ; <b>-axe</b> : <i>plumaxe</i> ; <b>-ame</b> : <i>velame</i> ; <b>-amia</b> : <i>dentamia</i> ; <b>-ume</b> : <i>cerume</i> ; <b>-alla</b> : <i>poalla</i> ; <b>-dura</b> : <i>vestidura</i> ; <b>-erío</b> : <i>mocerío</i> ; <b>-ario</b> : <i>formulario</i> ; <b>-mento</b> : <i>armamento</i>
Locativos	Lugar ou recipiente onde se garda algo: <i>herbario, tinteiro</i> Territorio dunha xurisdición: , <i>ducado</i> . Lugar onde se practica unha acción de fábrica ou comercio: <i>librería</i> . Vid. Inf. . Lugar onde abunda unha determinada cousa ou especie: Vid. Sup. <b>-ado/a</b> : <i>bispado, caldeirada</i> ; <b>-eiro/a</b> : <i>carballeira, agulleiro</i> ; <b>-deiro</b> : <i>fiadeiro</i> ; <b>-al</b> : <i>piñeiral</i> ; <b>-erío/a</b> : <i>camisería</i> ; <b>-aría</b> : <i>camisaría</i> ; <b>-ario/a</b> : <i>armario</i> ; <b>-edo/a</b> : <i>arboredo</i> ; <b>-doiro/a</b> : <i>lavadoiro</i> ; <b>-dor</b> : <i>corredor</i> ; <b>-ato</b> : <i>califato</i> ; <b>-ía</b> : <i>alcaldía</i>
Temporais	Duración dun mandato ou acción: <i>reinado</i> . Época propicia para realizar unha acción: <i>sementeira</i> . Propio ou característico dunha época: <i>invernía, outonizo</i> <b>-ado/a</b> : <i>alborada, papado</i> ; <b>-eira</b> : <i>sementeira</i> ; <b>-ato</b> : <i>califato</i> ; <b>-ía</b> : <i>nordesía</i> ; <b>-izo/a</b> : <i>invernizo</i>
Profesionais	<b>-eiro/a</b> : <i>carpinteira</i> ; <b>-ante</b> : <i>comediante</i> ; <b>-ario/a</b> : <i>boticario</i> ; <b>-dor</b> : <i>trobador</i> ; <b>(s/t) or/a</b> : <i>actor/a, profesor/a...</i>
De acción	Proceso, acción ou efecto (sobre base verbal: <i>cementación, mordedura, sinatura, pagamento</i> Axente que realiza a acción: <i>adiviñador, loitadora</i> . Golpe dado ou recibido: <i>navallada, fociñada, fungueirazo</i> Instrumento ou utensilio: <i>abridor, malladora, muxideira, rozadoira</i> : <b>-ado/a</b> : <i>achado, cuada, agarrada</i> ; <b>-eiro/a</b> : <i>viseira</i> ; <b>-deiro</b> : <i>abrideiro</i> ; <b>-(s,t)or</b> : <i>agresor</i> ; <b>-(c,s) ión</b> : <i>abolición</i> ; <b>-(s,d,t)ura</b> : <i>lectura</i> ; <b>-zón</b> : <i>doazón</i> ; <b>-azo</b> : <i>cintazo</i> ; <b>-mento</b> : <i>illamento</i> ; <b>-ido</b> : <i>mordida</i> ; <b>-doiro/a</b> : <i>asadoira</i> ; <b>-dor</b> : <i>gañador</i>
Caracterizadores	<b>-ado/a</b> : <i>alcaldada, parvada</i> ; <b>-eiro/a</b> : <i>mentireiro/a</i> ; <b>-deiro</b> : <i>namoradeiro</i> ; <b>-al</b> : <i>lanzal</i> ; <b>-ante</b> : <i>argallante</i> ; <b>-udo/a</b> : <i>barbudo/a</i> ; <b>-án/ana</b> : <i>pillabán/a</i> ; <b>-ón/ona</b> : <i>abusón/a</i> ; <b>-(l)ento/a</b> : <i>borrallento</i> ; <b>-ego/a</b> : <i>brañego</i> ; <b>-oso/a</b> : <i>enganoso</i> ; <b>-ble -bel</b> : <i>amable -bel</i> ; <b>-ico</b> : <i>pacífico</i> ; <b>-ivo</b> : <i>progresivo</i>
Abstractos:	<b>-ade</b> : <i>liberdade</i> ; <b>-ez</b> : <i>acidez</i> ; <b>-eza</b> : <i>agudeza</i> ; <b>-ncia</b> : <i>comenencia</i> ; <b>-nza</b> : <i>alianza</i> ; <b>-tude</b> : <i>escravitude</i>
Xentilicios: (ver anexo 2)	<b>án/-á</b> : <i>ourensán/-á, afgán/-á, castelán/-á, catalán/-á...</i> ; e tamén : <i>aldeán/á, vilán/-á e cidadán/á</i> <b>-ao/-á</b> : Só se emprega para xentilicios galegos centro-orientais ( <i>dezao/-á, lancarao/-á, masidao/-á...</i> ) <b>-án/-án</b> : Só en xentilicios galegos occidentais: ( <i>muradán/-án</i> ) <b>-ano/-ana</b> : Sempre aparece en xentilicios non galegos ( <i>asturiano/-ana, angolano/-ana</i> ) <b>-és/-esa</b> : <i>camariñés/-esa, chinés/-esa, portugués/-esa, vigués/-esa</i> <b>-ense</b> : <i>conquense, portuense, lalinense</i> <b>-eiro/-eira</b> : <i>betanceiro/-eira</i> <b>-ego/-ega</b> : De pouco uso: <i>brañego, chairego, ribeirego, manchego</i> <b>-eño /-eña</b> : <i>porteño/-eña</i> <b>-í</b> : Frecuente en xentilicios de terras musulmás ( <i>magrebí, paquistaní, marroquí...</i> , pero non só: <i>israelí</i> . <b>-ino/-ina</b> : De escaso uso: <i>monfortino, bilbaíno, granadino</i> <b>-eo/ ea</b> : Só se emprega en: <i>arameo, europeo, hebreo</i> e poucos máis. <b>-oto/-ota</b> : <i>baixomiñoto/a</i> .

**Prefixos de orixe latina:****ab- abs- a-** 'afastamento, separación': *abxurar, abstraer,***ad- a-** 'aproximación ou dirección': *adxunto, asentir***ante-** 'anterioridade': *antebrazo***bi- bis-** 'dous, dobre': *bicéfalo, bisneto***circun-** 'arredor de': *circundar***con- co-** 'contigüidade ou compañía': *compoñer, colaborar***contra-** 'oposición': *contradicir***de-** 'movemento decrecente': *decaer, decrecer***des-** 'separación, acción contraria': *descompoñer, desterrar***dis- di-** 'negación, separación, dispersión': *distribuír, distender***equi-** 'igualdade': *equivaler***ex- es- e-** 'movemento cara a fora': *extraer, emigrar; ex-* 'estado ou posición anterior': *ex-presidente***extra-** 'fóra de': *extraordinario***im- in- i-** 'negación, privación': *imparable, ilóxico***im- in- em- en-** 'movemnto cara a adentro': *inmigrar, embarcar***inter- (entre-)** 'posición intermedia: *intervir, entreaberto* 'relativo a varios': *internacional***intra- intro-** interior: *intravenoso***mini-** 'pequeno': *minisaia / minus- 'menos' *minusvalorar****omni-** 'totalidade': *omnívoro***ob- o-** 'oposición, fronte a': *obxección, oposición'***pos- post-** 'posterioridade': *posguerra, pospoñer***pre-** 'anterioridade': *preconcebido***pro-** 'movemento cara a adiante': 'posición en favor de': *progresión: prosoviético***re-** 'cara atrás', 'repetición': *retraer, reler***retro-** 'cara atrás': *retrovisor***sota- soto-** 'debaixo': *sotobarba, sotobosque***su(b)- so(b)-** 'inferioridade': *subterráneo, someter***super-** 'superioridade': *superhome***trans- tra(s)-** 'movemento a través de, posición alén de': *traspasar, transportar,; transalpino***ultra-** 'posición máis alá de': *ultravioleta***vice-** 'substituto de': *vicepresidente***Prefixos de orixe grega:****an- a-** 'negación': *anarquía, apolítico; anfi-* 'dunha e doutra parte': *anfíbio; anti-* 'posición contraria': *antiaéreo;***arqui- arce-** 'posición superior': *arcebispo, arquidiocese; dia-* 'movemento a través de': *diatópico; endo-* 'interior':*endosfera; eu-* 'ben, bo': *eufónico; epi-* 'encima': *epitafio, epiderme; hemi-* 'medio': *hemisferio; hiper-* 'posiciónsuperior, exceso': *hipertensión; hip-* 'posición inferior escaseza...': *hipotensión; hipso-* 'altura': *hipsometría; holo-*: 'todo': *holografía, holoceno; homeo-* 'parecido': *homeopatía; homo-* 'igual': *homófono, homónimo; idio-* 'propio,peculiar': *idiocromático; iso-* 'igual': *isócrono, isometría; orto-* 'correcto': *ortografía, ortodoncia; pan-* 'totalidade':*panteísmo; meta-* 'alteración': *metamorfose; neo-* 'novo': *neoclasicismo; para-* 'á beira de': *paranormal; peri-*'arredor de': *perífrase; poli-* 'varios': *politeísmo, polígrafo; prot(o)* 'o primeiro': *protomártir; sin-* 'simultaneidade,compañía': *sincronía, sinfonía; tele-* 'lonxe': *teleobxectivo; etc.***Os neoloxismos (ver anexo 1)**

**Lexicoloxía. Exercicios:**

1. Segmenta as seguintes palabras e clasifícaaas segundo a súa estrutura

BEIRARRÚA	DESINTOXICARAN
EQUILIBRISTA	EXPROPIASEMOS
REVIRAGANCHO	FURABOLOS
PORTORRIQUEÑO	PREHISTÓRICA
DESMILITARIZARÁ	LAMBELAREIRAS
PADRASTO	ALTOFALANTE
ENNOBRECEMOS	LATINOAMERICANO
DESPOIS	MANDARÍAN
PERTEGUEIRO	EXTRAORDINARIO
ESTES	ESPICCHAR
DESDE	VACALOURA

2. Subliña os prefixos e indica a súa significación. Cita outras palabras cos mesmos prefixos

Abxurar	Antediluviano	Cooperar
Contradidir	Decrecer	Desterrar
Distraer	Exportación	Excarcerar
Ex-presidenta	Extraordinario	Inseguro
Irrenunciable	Importar	Enterrar
Intramuscular	Posfranquista	Predeterminar
Proiraquí	Proseguir	Refacer
Retraído	Retroproxecto	Suboficial
Someter	Sobredose	Supermercado
Transatlántico	Ultradereita	Antinuclear
Arquidiocese	Arcebispo	Eufónico
Hipertensión	Hipotensión	Ortografía
Paranormal	Pericardio	Epicentro

3. Forma substantivos abstractos co sufixo –MENTO

Abater	Divertir
Asoballar	Coñecer
Descubrir	Cesar
Merecer	Chamar
Crecer	Adiar
Rexurdir	Illar

**LEMBRA:** Estes substantivos fórmanse sobre a base verbal de Raíz + Vogal Temática. A excepción é *suplir*:  
*suplemento*

4. Constrúe os substantivos correspondentes, utilizando *–dade, –idade, –idade*.

Ambiguo	Corpóreo
Rendible	Ansia
Sagaz	Vario
Livián	Xenial
Voluntario	Falso
Vago	Sucio
Malo	Inimigo
Feo	Afín

**LEMBRA:**

Úsase *–EADDE* con adxectivos rematados en *–IO/–IA* (elimínase o *O/A*): *serio / seriedade; solidario / solidariedade*. Excepto: *necio/necidade* e *sucio/sucidade*.

Úsase *–DADE* a maior parte dos rematados en *–L* (*leal: lealdade, mortal: mortaldade*) e dos rematados en *–N* (*cristián: cristiandade, ruín: ruindade*) excepto *afinidade, unidade, comunidade* e *sanidade*. Tamén en: *malo: maldade, belo: beldade* e *frío: frialdade, feo: fealdade*

Tamén en: *trino: trindade, divino: divindade* e *mesquiño: mesquindade*; e *libre: liberdade* e *púbere: puberdade*

Úsase *–IDADE* no restos dos casos. É dicir:

-Rematados en *–O, –E* ou *–EO* (con perda da última vogal): *húmido: humidade, grave: gravidade, espontáneo: espontaneidade*

-Rematados en *–Z* e algúns en *–L*: *feliz: felicidade, oficial: oficialidade*

-Os rematados en *–BLE/–BEL*, que perden a última sílaba: *amable/amábel: amabilidade*

Finalmente, recordemos os excepcionais: *orfo: orfandade, bo: bondade* e *virxe: virxindade*.

5. Indica a actividade (ou o lugar onde a exercen) as seguintes persoas

Bruxa	Pirata
Merceiro	Ebanista
Xoieira	Tesoureiro
Romeiro	Galante
Ferreiro	Panadeiro
Notario	Conselleiro
Cafeteiro	Doceiro

**LEMBRA:** Os sufixos *–ARÍA / –ERÍA* son, en liñas xerais, intercambiábeis. As *Normas* aceptan os dous aínda que promoven o etimolóxico *–ARÍA*.

Con todo, debemos notar que:

-*ARÍA* é obrigatorio cando se forma sobre palabras rematadas en *–IO*: *comisario: comisaría*

-*ERÍA* é obrigatorio nos francesismos: *batería, galería, galantería* e *mercería*.

## Estrutura da palabra. Anexo 1 (Tema 3)

### 1. As palabras complexas.

Consisten en frases fixas ou feitas, estereotipadas (caso dos refráns ou proverbios, sentenzas que estuda a Paremioloxía), formadas por palabras independentes noutros contextos pero que aquí non o son, xa que ou son secuencias lexicalizadas funcionando como un único grupo estábel, equivalendo funcional e semanticamente a unha única palabra (*ser agudo coma un allo*); ou manteñen unha orde rixida amalgamada non podendo elidir elementos (*vichelocrego, fervellasverzas*).

### 2. Os neoloxismos.

Son palabras de recente creación ou incorporación á lingua, ou ben unha acepción nova dunha palabra xa vella, polo que os neoloxismos designan conceptos ou realidades de nova creación, contribuíndo á modernización léxica (*lapis óptico, aldea global, disco duro,...*). A medida que o seu uso se vai estendendo, vanse incorporando aos dicionarios perdendo daquela a consideración de palabras novas.

Distínguense dous tipos de neoloxismos:

a) **Neoloxismos de forma**, a creación da palabra realízase mediante algún dos seguintes procedementos:

- **Préstamos cultos do latín e do grego** (*linfocito, bacteria...*). A maior parte destas palabras son neocompostos, é dicir, fórmanse por medio de dous elementos que só existían por separado nas linguas orixinarias e normalmente só existen como compostos nas linguas actuais, constituíndo os chamados **neoloxismos eruditos** (neocompostos): *osteoxénese, quiromancia, cefalalxia, paleolítico, heterónimo, ortodoxia, bibliófilo...* A combinación de elementos é moi variada, poden ser os dous de orixe latina (*fratricida*), ou grega (*oftalmoloxía*), ou híbridos de grego/latín e latín/grego (*hemoglobina, agronomía*), ou híbridos doutras linguas e grego/latín (*videoclub, videoclip, microfilm*).
- Por **derivación, composición e parasíntese**: *formatar, lavalouza, quitamanchas, paracaidismo, proteccionismo...*
- Por **préstamos de necesidade** doutras linguas: *software, hardware...*
- Por medio de **acrónimos e siglas**: *módem (modulator demodulator), DVD...*

Os **acrónimos** son palabras formadas por sílabas, letras ou por unha combinación das dúas, dun enunciado, xeralmente o inicio da primeira e o final da segunda, mais tamén pode ser á inversa, ou simplemente pola combinación de letras e/ou sílabas de varias palabras dunha denominación extensa:

*transistor (transfer resistor)*

*informática (información automática)*

*tergal (poliéster galo)*

*autobús (automóbil ómnibus)*

*motel (motorista hotel)*

*diu (dispositivo intrauterino)*

*sonar (sound navigation ranging)*

*Galeuzca (Galiza, Euzkadí, Cataluña)*

*Benelux (Belgique-Nederland-Luxembourg)*

*Eurasia (Europa + Asia)*

*Internet (International Net)*

*Blog (web log = bitácora ou blogue)*

As **siglas** obtéñense da agrupación de letras iniciais dunha denominación complexa (xeralmente dunha institución, organismo oficial, organización social, publicación, etc.): *TVG, ANPA, ONU, OPEP, ANT, DOG, DNI, NIF, BOE...*

Mais, ás veces, por razóns de sonoridade ou sentido admiten na súa formación algún fonema accesorio: *ADEGA, IGAPE, INGABAD...*

As siglas escríbense normalmente con letras maiúsculas e sen punto, aínda que nalgúns casos ao lexicalizarse escríbense só con inicial maiúscula, para os substantivos propios (*a Unesco, a Interpol, o Sergas...*); ou con minúsculas na súa totalidade ao funcionaren como un substantivo común respectando o xénero do primeiro elemento (*a sida, as pemes, ovni, o láser...*), neste caso falamos de **siglónimos**.

b) **Neoloxismos de sentido**, consisten no uso dunha palabra xa existente na lingua pero cun novo significado, caso de *aplicación* e *dominio* como termos de informática.

c) Os **neoprefixos** son palabras gregas e latinas que nas linguas modernas funcionan como auténticos prefixos. Ex.: *auto-* (*autodeterminación, autoestima*), *aero-* (*aeroporto*), *electro-* (*electrochoque*), *eco-* (*ecosistema*), *euro-* (*euroescéptico*), *foto-* (*fotomontaxe*), *macro-* (*macroestrutura*), *micro-* (*microclima*), *moto-* (*motoserra*), *neo-* (*neofalante*), *radio-* (*radioterapia*), *tele-* (*telexornal*), *video-* (*videoxogo*), *para-* (*paranormal*), *pseudo-* (*pseudocientífico*), *etno-* (*etnolingüística*), *narco-* (*narcotráfico*), *psico-* (*psicodrama*), *socio-* (*sociolingüística*).



## Os xentilicios. Anexo 2 (Tema 3)

### 1. Trazos xerais:

1º) Os sufixos exclusivamente galegos son: **-án / -á** e **-ao / -á**, ademais de **-és / -esa**: *compostelán / compostelá, dezao / dezá, celanovés / celanovesa...*

2º) O sufixo **-ego** de probable orixe ibérica atopámolo en xentilicios galegos e non galegos: *galego, grego, manchego, limego, chairego...*

3º) Como regra xeral podemos establecer que o sufixo **-í** se refire a filiación árabe (*marroquí*), **-ño / -ña** a filiación española (estremeño / *eña*), **-eiro / -eira** á área galego-portuguesa (*brasileiro / -eira*), **-enco / -enca** ós países cataláns (*eivisenco / enca*) e **-arra** ó ámbito vasco (*donostiarra*).

4º) Para formar novos xentilicios de fóra de Galicia o sufixo nominal por antonomasia é **-ano / -ana**. Este sufixo culto comparte protagonismo co tamén sufixo culto **-ense** e o popular **-és / -esa**. *nicaraguano / -ana, cretense, congolés / -esa...*

5º) Xeneralizando concluímos que o sufixo **-ano / -ana** refire especialmente países (*xamaicano / -ana*) e pola contra o sufixo **-ino / -ina** cidades (*granadino / -ina*).

6º) Para facer referencia a lugares que posúan tradición histórica é normal que exista unha forma culta (a máis antiga) e outra popular creada regularmente: *brigantino / betanceiro*. Tamén é normal que aparezan novos xentilicios sobre algo que caracteriza o lugar: *coruñés / herculino / cascarilleiro; santiagués / compostelán / picheleiro...*

7º) En relación cos nomes compostos é de regra que o primeiro elemento remate en **-o**: *galaicorromano, galego-portugués, árabo-isralí...*

### 2. Algúns xentilicios galegos:

- ◆ ABADÍN: *abadinense*.
- ◆ AGOLADA: *agoladense*.
- ◆ ALFOZ: *alfocés, -esa*.
- ◆ ALLARIZ: *allaricense / alaricano, -ana*.
- ◆ ARES: *aresán, -ana*.
- ◆ ARNOIA, A: *arnoiao, -á*.
- ◆ BAIONA: *baionés, -esa*.
- ◆ BAIXO MIÑO: *baixomiñoto*.
- ◆ BARBANZA: *barbancés, -esa / barbanzán, -á*.
- ◆ CALDAS DE REIS: *caldense*.
- ◆ CARBALLO: *carballés, -esa*.
- ◆ CASTRO CALDELAS: *caldelao, -á*.
- ◆ CEBREIRO, O: *cebreirogo, -ega*.
- ◆ CEE: *ceense*.
- ◆ CORISTANCO: *coristanqués, -esa*.
- ◆ CORTEGADA: *cortegao, -á*.
- ◆ COUREL, O: *courelao, -á*.
- ◆ CHANTADA: *chantadino, -ina*.
- ◆ DEZA: *dezao, -á*.
- ◆ DOZÓN: *castrexo / castrense*.
- ◆ FENE: *fenés, -esa*.
- ◆ FOZ: *focego, -ega*.
- ◆ LALÍN: *lalinense*.
- ◆ MONTERROSO: *monterrosino*.
- ◆ MUROS: *muradán, -á*.
- ◆ NARÓN: *naronés, -esa*.
- ◆ NEGREIRA: *negreirés, -esa / nicrariense*.
- ◆ NIGRÁN: *nigranés, -esa*.
- ◆ ORTIGUEIRA: *ortigueirés, -esa / ortigueirán, -á / urticariense*.
- ◆ POBRA DE TRIVES: *trivés, -esa*.
- ◆ PONTEVEDRA: *pontevedrés, -esa / lerense / teucrino, -ina / teucro, a*.
- ◆ PORTO DO SON, O: *sonense*.
- ◆ RIBADAVIA: *ribadaviense*.
- ◆ RIBEIRO, O: *ribeirao, -á*.
- ◆ SARRIA: *sarriao, -á*.
- ◆ SILLEDA: *silledense*.
- ◆ TERRA CHA: *chairego, -ega / montañón*.
- ◆ VALADOURO, O: *valadourés, -esa*.
- ◆ VAL MIÑOR: *valmiñorán, -á / baixomiñoto*.
- ◆ VILA DE CRUCES: *crucense*.
- ◆ XALLAS: *xalleiro, -eira*.
- ◆ XINZO DE LIMIA: *limiao, á / limego, -ega*.

### 3. Algúns xentilicios non galegos:

- ◆ AFGANISTÁN: *afgán, -á / afgano, -ana.*
- ◆ SUDAFRICANO: *africáner.*
- ◆ ALACANTE: *alacantino, -ina.*
- ◆ ALASCA: *alascano, -ana / alaskaño, -eña.*
- ◆ ALGARVE: *algarvío, -a.*
- ◆ ALXERIA: *alxeriano, -ana.*
- ◆ ALXER: *alxerino, -ina / alxerí.*
- ◆ AMSTERDAM: *amsterdamés, -esa.*
- ◆ ANGOLA: *angolano, -ana.*
- ◆ ACERBAIXÁN: *azarí / acerbaixano, -ana.*
- ◆ AZORES, OS: *azoriano, -ana.*
- ◆ BADAXOZ: *badaxocense / pacense.*
- ◆ BAHAMAS: *bahamés, -esa.*
- ◆ BEIRUT: *beirutí.*
- ◆ BELÉN: *belenita.*
- ◆ BELGRADO: *belgradino, -ina.*
- ◆ BISCAIA: *biscaíño. -iña / biscaíno, -ina / biscaítarra.*
- ◆ BOGOTÁ: *bogotano, -ana.*
- ◆ BOSNIA: *bosníaco, -aca / bosniano, -ana.*
- ◆ BRUXELAS: *bruxelés, -esa.*
- ◆ CABUL: *cabulés, -esa.*
- ◆ CANADÁ: *canadense / canadiano, -ana.*
- ◆ CARACAS: *caraqueño, -eña.*
- ◆ COÍMBRA: *coimbrán, -á.*
- ◆ CONGO: *congolés, -esa.*
- ◆ DAMASCO: *damasquino, -ina.*
- ◆ DUBLÍN: *dublinés, -esa.*
- ◆ DOURO: *duriense.*
- ◆ ESTOCOLMO: *estoclomés, -esa.*
- ◆ ESTRASBURGO: *estrasburgués, -esa.*
- ◆ EUSKAL HERRÍA: *euscaldún, -una / basco, -a.*
- ◆ FLANDRES: *flamengo, -a.*
- ◆ FLORIDA: *floridano, -ana.*
- ◆ FRANKFURT: *francfurtés, -esa.*
- ◆ GRENLANDIA: *grenlandés, -esa.*
- ◆ HABANA, A: *habaneiro, -eira.*
- ◆ HERCEGOVINIA: *hercegovino, -ina.*
- ◆ XERUSALÉN: *hierosolimitano, -ana.*
- ◆ ISTAMBUL: *istambulita.*
- ◆ SERRA LEONA: *leonino, -ina / serraleonino, -ina.*
- ◆ LONDRES: *londiniense/londinés, esa/ londoniense.*
- ◆ MALAISIA: *malaisiano, -ana / malaio, -a.*
- ◆ MADAGASCAR: *malgaxe.*
- ◆ MALVINAS: *malvineiro, eira.*
- ◆ A MECA: *mecano, -ana.*
- ◆ MEDELLÍN: *medellinés, -esa.*
- ◆ MÉRIDA: *meridano, -ana.*
- ◆ MONTEVIDEO: *montevideano, -ana.*
- ◆ MOZAMBIQUE: *mozambicano, -ana.*
- ◆ NICARAGUA: *nicaraguano, -ana.*
- ◆ NÍXER: *nixerino, -ina.*
- ◆ NORUEGA: *noruegués, -esa.*
- ◆ PARÍS: *parisiense / parisino, -ina.*
- ◆ PEQUÍN: *pequinés, -esa.*
- ◆ QUENIA: *queniano, ana.*
- ◆ QUÉBEC: *quebequés, -esa.*
- ◆ QUITO: *quiteño, -eña.*
- ◆ RABAT: *rabatí / rabatino, -ina.*
- ◆ SABADELL: *sabadellenco, -enca.*
- ◆ SANABRIA: *sanabrés, -esa.*
- ◆ SAN PAULO: *sampauleiro, -eira. / pauleiro, eira.*
- ◆ SEICHELES: *seichelés; -esa.*
- ◆ SINGAPUR: *singapuriano, -ana.*
- ◆ TARAMUNDI: *taramundés, -esa.*
- ◆ TERRA NOVA: *terranovense.*
- ◆ TÍMOR: *timorés, -esa.*
- ◆ TIRANA: *tiranés, -esa.*
- ◆ TUNICIA: *tuniciano, -ana.*
- ◆ TÚNEZ: *tunecí / tunecino, -ina.*
- ◆ UCRAÍNA: *ucraíno, -a / ucrainiano, -ana.*
- ◆ VALLADOLID: *valisoletano, -ana.*
- ◆ VARSOVIA: *varsoviano, -ana.*
- ◆ VILAFRANCA DO BIERZO: *vilafranquino, -ina.*
- ◆ WASHINGTON: *washingtoniano, -ana.*
- ◆ XENEBRA: *xenebrino, -ina.*
- ◆ XIRONA: *xironés, -esa / xerundense.*
- ◆ ZÚRIC: *zuriqués, -esa.*

## Tema 4. Definicións de palabras

### Tipos de definición

Adóitanse empregar dous métodos de definición:

- A) **Definición lóxica:** Describe a realidade designada pola palabra desde as súas características máis xerais á máis particulares (forma, material, cor, utilidade...). Úsase preferentemente con substantivos.

**Sangue:** *Subst. m. s. Líquido vermello que circula polas veas do corpo animal*

**Broulla.** *Subst. f. s. Gran que se forma na pel pola picadura dun insecto ou polo xarampón.*

- B) **Definición nominal:** Explica o significado da palabra con axuda de sinónimos, antónimos, palabras da familia léxica, exemplos... Prefírese para definir adxectivos, verbos, adverbios...

**Bruto:** *Adxect. m. s. 1. Necio, torpe, incapaz, rudo. 2. Desenfreado, irracional. 3. Aplícase a aquelas substancias que se conservan en estado natural sen traballar.*

É frecuente combinar os dous tipos básicos. Así a definición queda máis completa:

**Brétema:** *subs. f. s. Condensación de auga na atmosfera, néboa.*

**Fíxate:** As definicións de substantivos e verbos adoitan comezar co tipo da palabra definida: os substantivos con substantivos, os verbos con verbos.

**Esnafrar.** *Romper [algo] totalmente dun golpe.*

### Fórmulas feitas

Cos adxectivos adoitamos empregar fórmulas feitas para a introdución das definicións. As máis frecuentes son: *Dise de... , relativo a ... , acción de ... , aplícase a ... , etc.*

**Renal:** *adx. m. s. Relativo ou pertencente aos riles.*

### Defectos máis frecuentes

- a) Definicións moi xerais e, ás veces, galego-céntricas ou antropocéntricas:

**Carballo:** *árbore que se dá en Galicia*

**Mapache:** *animal negro, moi peludo*

**Almofía:** *Dise do lugar onde se lavan partes do noso corpo*

- b) Definicións moi restritivas, por exceso de detalle e matices:

**Pía:** *Recinto ou construción de pedra, similar a unha fonte, na que se deposita e almacena unha determinada cantidade de auga.*

- c) Definicións introducidas por fórmulas inadecuadas; "É cando..." "É por exemplo"

**Estancar:** *é cando paras*

**Esvorar:** *É por exemplo se vas e caes*

- d) Tradución ao castelán

**Xanela:** *ventana*

- e) Emprego do lexema do definido na definición

**Encallar:** *É cando algo encalla*

- f) Uso de palabras de similar significado pero pertencentes a rexistros coloquiais ou vulgares

**Ebrio:** *mamado*

**Exercicios:***O galego políglota*

O galego/galega **políglota** (GP) é un individuo que está alfabetizado en galego, é competente en castelán por razóns **obvias**, sabe falar e ler en inglés porque así o aprendeu no sistema público de ensino obrigatorio, coñece o parentesco de **irmandade lingüística** entre o galego e o portugués e le (a pesar das diferenzas **fonéticas** e ortográficas) directamente en versión orixinal a Saramago porque así o estudou, e coñeceu o Renacemento literario vía Camoes e non vía Garcilaso. Pode ser, incluso, que saiba algo de francés ou de alemán. GP navega sen problemas por **Internet** emitindo mensaxes desde o barrio Galicia da rede, navegación na que **regatea** con vantaxe polos seus coñecementos de inglés-castelán-portugués. [...] GP é un individuo, en definitiva, de mundo. Non cre que sexa un problema ser dun país pequeno e cunha cultura de ámbito restrinxido, senón todo o contrario: é un privilexio. Non entende o **catetismo cultural** dos seus amigos **mesetarios**, que saben castelán e só castelán, e non dan aprendido inglés nin comprenden que hai boas razóns **ecolingüísticas** para que no planeta existan de pleno dereito milleiros e milleiros de idiomas. [...]

Antón Reixa (1995)

**Cuestión:**

1. Define as palabras e sintagmas en negra.

## Tema 5. As relacións semánticas

### 1. A SINONIMIA

A sinonimia consiste na identidade de significado entre dous signos lingüísticos.

**Alfabeto e abecedario** representan dous signos co mesmo significado: ‘conxunto de letras dunha lingua’

Cando isto sucede, fálase de sinónimos perfectos, porque: Posúen os mesmos trazos distintivos e son intercambiábeis en calquera contexto.

Ora ben, a identidade total é rara. Nestes casos pode darse que:

- 1) Un dos signos ten un significado máis amplo. (**matar / asasinar ; comezar / encetar**)
- 2) Os signos pertencen a distintos niveis ou rexistros de lingua:  
Específico / coloquial: **incoar / abrir; licántropo / lobishome**  
Literario / coloquial: **óbolo / esmola ; óbito / morte**  
Popular / vulgar : **morrer / espichar**
- 3) Os signos pertencen a distintas variedades xeográficas: **estadullo / fungueiro ; raposo / golpe**
- 4) Os signos arrastran connotacións de tipo moral: (**espléndido / dilapidador**), socioeconómico (**paga, soldo, honorarios**), etc.

### 2. POLISEMIA e HOMONIMIA

Os dous conceptos remiten ao mesmo fenómeno: a un significante correspóndelle varios significados.

**queixo, cunca**

A diferenza é sutil:

Lingüisticamente, será homonimia se consideramos que hai dous ou máis signos (queixo), será polisemia se consideramos que é un só signo.

Os dicionarios diferéncianas: A homonimia sinalana con varias entradas, a polisemia non: hai unha entrada con varios apartados.

HOMONIMIA	POLISEMIA
<p><b>Queixo<sup>1</sup></b> Alimento lácteo sólido elaborado co leite callado e salgado despois de lle extraer o soro</p> <p><b>Queixo<sup>2</sup></b> Remate da queixada, parte saínte do maxilar, e esa zona da cara.</p>	<p><b>Cunca</b></p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Recipiente cóncavo, para líquidos</li> <li>2. Cavidade na que está cada un dos ollos.</li> <li>3. Territorio entre montañas que xunta as súas augas nun mesmo río. Sin. <i>bacía</i>.</li> <li>4. Medida para áridos, equivalente a 1/16 de ferrado</li> </ol>

Historicamente, a homonimia resulta da confluencia de dous étimos distintos, en significantes idénticos:

Latín	Galego med.	Galego actual
CASEU- >	Queijo	Queixo <sup>1</sup>
CAPSU- >	Queixo	Queixo <sup>2</sup>

A polisemia prodúcese por fenómenos de ampliación semántica. Como consecuencia, o habitual é que, na homonimia os significados non garden relación entre si, mentres que na polisemia si.

Pottier fala de **intersección semántica**. Se a hai dáse polisemia; se non, dáse homonimia. Sería unha maneira de distinguila sen acudir á etimoloxía. Con todo, sempre haberá casos difíciles e ambiguos: en **banco** que se dá?

### 3. HOMOGRAFÍA e HOMOFONÍA

3.1. A **homografía** prodúcese cando dous signos se escriben igual e se pronuncian distinto: **botar / botar**.

3.2. A **homofonía** dáse cando dous signos se pronuncian igual e se escriben distinto: **huno / uno ; balor / valor**.

### 4. MERONIMIA e PARONIMIA

4.1. **Meronomia** é a relación existente entre a parte e o todo. Ex.: *brazo* (parte) e *corpo* (todo).

4.2. **Paronimia** é a relación de palabras semellantes pola etimoloxía, forma ou son. Ex.: *fama / fame*.

### 5. RELACIÓNS ENTRE SIGNIFICADOS

#### TERMOS CONTRARIOS

As relacións de contrariedade entre significados poden ser de tres tipos:

**1. Complementarios** ou **privativos**. Establécense entre dous termos que se exclúen mutuamente, sen que haxa gradación entre eles : *macho / femia ; vivo / morto*

**2. Antónimos** ou **graduais**. Son os termos opostos nunha serie gradual : *quente / (morno) / frío*

**3. Inversos** ou **recíprocos**. Defínense pola perspectiva, a afirmación de cada un deles significa a afirmación do outro: *comprar / vender ; pai / fillo*

#### RELACIÓNS XERÁRQUICAS

Un termo xenérico (flor) pode englobar varios termos específicos (margarida, rosa, orquídea...)

O termo xenérico denomínase **hiperónimo**, a cada un dos específicos **hipónimos**.

*Deste xeito dicimos que flor é hiperónimo de margarida e margarida hipónimo de flor.*

A relación entre dous termos do mesmo nivel chámase **cohiponimia**.

*Margarida e orquídea son cohipónimos*

Cada un dos hipónimos posúe os trazos semánticos do hiperónimo. Este carece daqueles que diferencian os cohipónimos entre si.

Como estas son relacións entre significados (o significante non intervéñen) poden darse **lagoas léxicas**. Por exemplo, *redondo / cadrado* carecen de hiperónimo. Iso é que hai un **cadro baleiro** que só se pode expresar por procedementos perifrásticos ou sintagmáticos.

### 6. OS CAMBIOS SEMÁNTICOS

Como realidades vivas que son, as linguas sofren transformacións que tamén afectan á semántica, debido a un uso figurado das palabras ou a reducións, ampliacións e desprazamentos de significado. E nisto os medios de comunicación inflúen de maneira decisiva.

Exemplo de redución é o de *silva* que en orixe significaba “mato, bosque, terra a bravo con moita vexetación” e que hoxe designa unha especie botánica concreta. Exemplo de amplificación é o de *coche*, que no XIX facía alusión a un tipo de vehículo para viaxeiros tirado por cabalos e que hoxe se aplica a calquera vehículo, e en xeral aos automóviles. Un exemplo de desprazamento é o cambio de significado desde o latín MACULA (mancha) ata o galego *mágoa* (pena), ao xeneralizarse o uso figurado da palabra.

#### 6.1. Denotación e connotación

Chámase denotación ao significado obxectivo dunha palabra, mentres que connotación fai referencia ao significado subxectivo.

*Primavera* do punto de vista denotativo fai alusión á estación do ano, mais contén connotacións relativas ao renacer da natureza, á mocidade ou á enerxía vital, o que permite empregala en sentido figurado como “a primavera da vida”.

## 6.2. Tabú e eufemismo (relacionados coa linguaxe politicamente correcta)

Determinados signos están cargados de connotacións negativas, debido a crenzas relixiosas, valoracións morais ou convencións sociais. Son os chamados **tabús** (palabra polinesia que, en orixe, significa 'o sagrado, o prohibido').

Ante o tabú, adoitan adoptarse dúas medidas: utilizar unha fórmula de desculpa ou evitalo. Neste caso, substituímos por un **eufemismo** (expresión coa que disfrazamos, atenuamos ou disimulamos o tabú), mais se as connotacións son negativas daquela falamos de **disfemismo** (*sacamoas por dentista, espichala por morrer...*)

*Demo : perello, rabelo, espantallo, feo*

*Morrer : acordarse Deus de un, arrefriárselle o ceo da boca*

*Cagar: evacuar, baixar os pantalóns, escribir unha carta*

*Cona : vulva / paxara, papuxa, parrocha...*

## Exercicios

### Texto:

#### ***Pluma e sabre***

O sabre estaba na esquina da estancia. Tocado polos raios do sol, a súa resplandecente folla de aceiro brillaba con purpúrea luz. Con xesto orgulloso percorreu o cuarto coa ollada, para comprobar que todo alí se deleitaba coa súa contemplación. Todo?... Non! Alí, ociosa, apoiada nun tinteiro descansaba a **pluma** sen a mínima intención de inclinarse para admirar a escintilante maxestade daquela arma. Aquilo enfureceu o sabre que deu en falar así:

—Quen te cres, miudallo insignificante, para non me admirar e inclinarte ante o meu fulgor, coma o resto? Mira ao teu arredor! Todos os obxectos, na súa reverencia, están envoltos na máis profunda escuridade. Eu, e só eu, son o elixido do resplandecente sol, que deleitoso me dá vida cos seus fermosos **bicos** ardentes, e que eu recompenso irradiando a súa luz multiplicada. Só os príncipes poderosos son dignos de camiñar con paso solemne envoltos en radiantes capas. O sol sabe do meu poder, e por iso deixa caer a púrpura **real** dos seus raios polos meus ombros.

A axuizada pluma replicou sorrindo:

—Que orgulloso e fachendoso es, e como presumes do teu brillo emprestado, e non obstante, mira ti!, se reflexionas un chisco verás que somos parentes ben achegados! Os dous nacemos da preocupada terra; se cadra, no noso estado orixinario atopabámonos ao pé un do outro na mesma montaña... miles de anos, ata que o humano no seu dilixente empeño descubriu a veta do proveitoso mineral do que eramos parte. Fillos aínda bastos da natureza, os dous tiñamos que ser convertidos, sobre a calor do fumegante fogón e baixo os golpes poderosos do martelo, en membros proveitosos da actividade terrestre. E así foi. Ti convertícheste en sabre, eu en pluma, a ti déronche unha punta grande e rexa, e eu fun agraciada cunha fina e delicada. Para facermos ben o noso traballo, os dous temos que mollar primeiro a brillante punta... ti en sangue, eu só en tinta.

—Este discurso erudito que acabas de botar -irrompeu agora o sabre-, dáme risa. É coma se un rato, ese pequeno e insignificante animal, intentase probar o seu parentesco co elefante. Diría exactamente o mesmo ca ti! Porque tamén ten catro patas, coma o elefante, e mesmo unha **cola** da que presumir. Así que, case se podería dicir que son cando menos curmáns! Querida pluma, ti acabas de nomear, de forma ben intelixente e calculadora, só aquilo que nos iguala, mais agora heiche contar eu o que nos diferencia. Eu, sabre brillante e

orgullosa, vou cinguido á cintura dun valente e nobre cabaleiro, mentres que a ti, a ti colócate un vello escribente detrás da súa grande orella de asno. A min, a min agárrame o meu señor con poderosa man e lévame ata as filas dos inimigos; e eu guíoo a través delas. A ti, miña boa amiga, a ti diríxete a man tremoieira do teu vello mestre polo pergameo amarelecido. Eu causo estragos entre os inimigos, salto con ousadía e coraxe de aquí para alí; ti esgaduñas no pergameo en eterna monotonía, e non ousas saír nin un chisco do camiño que con coidado che marca a man guieira. E á fin, á fin, cando as forzas me abandonen, cando sexa vello e feble, serei honrado, como corresponde aos heroes, e colocado na sala dos antecesores para que todos me contemplan e me admiren. Mais, que é o que che fan a ti? Se o teu **amo** non está contento contigo, se te fas vella e empezas a arrastrarte polo papel con trazos grosos, entón agárrate, arrínchache o **cano** que che facía de soporte e bótate ao lixo, se non se apiada de ti e te vende a un feirante por unha cadela xunto cun par das túas irmás.

—Pode ser que nalgunhas cousas teñas razón respondeu a pluma moi seria. É certo que con frecuencia se me infravalora, e é igualmente certo que cando xa non vallo se me trata con crueldade. Pero non por iso é menor o poder do que dispoño mentres estou en condicións de traballar. Fagamos unha aposta!

—Queres apostar comigo? Preguntou, morto de risa, o presuntuoso sabre.

Rainer Maria Rilke (Versión galega de Saleta Fernández)<sup>1</sup>

#### Cuestións:

1. Define ou explica o significado que teñen no texto as palabras subliñadas.
2. No texto hai varias palabras que poden funcionar como sinónimos de “*brillante*”, “*orgullosa*”, “*crueldade*”. Son sinónimos perfectos? Que os pode diferenciar?
3. Dado o hiperónimo “*arma branca*” (ao que pertence a termo “*sabre*” do texto), representa o campo semántico do mesmo con dez hipónimos e establece as relacións de cohiponimia con cando mínimo cinco semas.
4. Cita termos contrarios de:  
Ociosa, escuridade, vida, grande, curmán, valente, vende.  
De que tipo son?
6. Os significantes: “*pluma, real, bicos, cola, amo, cano*”, poden ter varios significados. Indícaos e sinala cales son denotativos e cales connotativos ou figurados. Trátase de homonimia ou polisemia?
7. Explica se son ou non eufemismos as seguintes palabras e expresións e sinala o termo tabú sinónimo de cada unhas delas:  
*Seo, facer de ventre, persoa de cor, persoa de idade, facer augas menores, facer o amor, facer as necesidades, vulva, traseiro, muller en estado, deficiente mental, órgano sexual, facer pis.*
6. Dá un disfemismo para os seguintes termos:  
*Nariz, chea, cabrón, francés, iberoamericano, latrina, cabeza, intoxicación etílica.*
6. Redacta un texto de vinte liñas empregando un rexistro formal e expresións eufemísticas e a seguir redacta o mesmo texto con linguaxe politicamente incorrecta, disfemismos e termos tabú.

<sup>1</sup> O anterior texto está tomado de Biblioteca Virtual de Literatura Universal en Galego. Bivir. <http://www.bivir.com/>

Nese sitio podes atopar diversos textos de Literatura Universal traducidos á nosa lingua, libres de dereitos de autor



## Tema 6. Sintaxe (I): A frase

### 1. A sintaxe

A sintaxe estuda as relacións directas que se dan entre palabras ou conxuntos de palabras presentes na mesma cadea lingüística.

1. Na secuencia *O pazo de Gres está en Soutolongo* danse relación directas ou non. Indica se as relacións entre os seguintes pares de unidade son directas:

<i>o</i>	<i>pazo de Gres</i>		
<i>pazo</i>	<i>Gres</i>		
<i>pazo</i>	<i>de Gres</i>		
<i>pazo</i>	<i>de</i>		
<i>de</i>	<i>de Gres</i>		
<i>de</i>	<i>o pazo de Gres</i>		
<i>Gres</i>	<i>en Soutolongo</i>		
<i>Gres</i>	<i>o pazo de Gres</i>		
<i>está</i>	<i>en</i>		
<i>está</i>	<i>en Soutolongo</i>		
<i>o</i>	<i>está</i>		
<i>en Soutolongo</i>	<i>en</i>		

As que marcaches como directas son **relacións sintácticas**, as outras non.

Ora ben, como podes ver, as relacións sintácticas poden ser de dous tipos:

- Entre parte e parte: **conexións**
- Entre unha parte e o todo no que se integra: **funcións**

2. Indica na segunda columna de cal das dúas se trata.

#### As conexións.

Danse entre calquera tipo de unidades. Poden ser de tres tipos:

**Coordinación:** As dúas partes están ao mesmo nivel e ningunha delas depende da outra. (*O can e o gato*)

**Subordinación:** Unha das partes depende da outra. Se suprimimos a subordinada mantemos o tipo de unidade. (*O can de Pepe*)

**Interordinación:** Hai unha relación de dependencia mutua. (*de Pepe ; Se chovese, non iría*)

#### As funcións.

Cada tipo de unidade acolle dentro de si unhas funcións que lle son específicas. Verémolas máis adiante.

### 2. As unidades sintácticas

Consideramos unidade sintáctica aquela palabra ou conxunto de palabras que desempeñan unha función dentro dunha unidade superior.

Cada unidade sintáctica está caracterizada por presentar unha determinada estrutura. Os tipos de unidades sintácticas son:

A PALABRA: Unidade sintáctica mínima

A FRASE: Entre os seus constituíntes inmediatos non figura un verbo.

A CLÁUSULA: Entre os seus constituíntes inmediatos figura un verbo ou máis.

A ORACIÓN: Ten como constituínte inmediatos unha cláusula ou máis.

### 3. A recursividade


Poderíamos pensar que cada unidade sempre está formada por unidades inferiores. Así a cláusula sempre estaría formada por palabras ou as oracións por cláusulas.

Pero iso non sempre sucede así. Unha frase, por exemplo, pode acoller dentro dela outra frase, unha cláusula ou unha oración: *Viñeron da aldea dos meus avós. Viñeron da aldea que rehabilitaron o ano pasado.*

### 4. A frase. Tipos


As frases poden ser de diferente tipos. Cada tipo distínguese polo tipo de funcións inmediatas que se dan dentro de si:

**Frase nominal** ( $f_n$ ). A súa estrutura é DETERMINANTE + NOMINAL.




A función DET sempre é desempeñada por un artigo, un demostrativo, un **posesivo cando non leva artigo** (*meu pai*) ou algúns indefinidos. A función NOM pode ser desempeñada por calquera tipo de unidade (unha palabra, unha frase, unha cláusula ou unha oración).

**Frase substantiva** ( $f_{subst}$ ), **frase adxectiva** ( $f_{adx}$ ), **frase adverbial** ( $f_{adv}$ ): NÚCLEO (+ MODIFICADOR)



A función NÚC sempre é desempeñada por un substantivo, un adxectivo ou un adverbio. A función MOD (se a hai) pode ser desempeñada por calquera tipo de unidade (unha palabra –adxectivo, substantivo, un **posesivo cando leva artigo** (*o meu pai*)...-, unha frase, unha cláusula ou unha oración).

**Frase preposicional** ( $f_{prep}$ ). A súa estrutura é ENLACE (DIRECTOR ou RELATOR) +TERMO.



A función ENL sempre é desempeñada por unha preposición. A función TER pode ser desempeñada por calquera tipo de unidade (unha palabra, unha frase, unha cláusula ou unha oración).

#### Exercicios:

- Tipos de relacións sintácticas. Defíneas, explicaas e pon exemplos.
- Pon nun cadro as funcións características que se poden dar dentro dunha frase. Indica en que tipo de frase aparecen e que tipo de unidades as poden desempeñar.

3. TEXTO: *O balón de Xiao está no armario do fondo, detrás do baúl. Vai por el e tráemo. Eu xa collín bastantes cousas antes de que viñeses e se a ti che parece moi bonito, eu creo que tes unha cara moi dura.*

**Analiza as frases subliñadas e di de que tipo son.**

## Tema 7. Sintaxe (II): A cláusula. A oración

### 5. As funcións na cláusula

A cláusula é unha unidade que contén entre os seus constituíntes inmediatos un verbo que realiza a función de **PREDICADO**.

Outras funcións exclusivas desta unidade son:

- **SUXEITO**. Concorda co predicado en número e persoa (*Os veciños estrean a casa nova*) É unha función que se dá sempre, excepto nas cláusulas que levan un verbo impersoal (*Onte choveu moitísimo*)
- **ATRIBUTO**. É unha función obrigada das cláusulas copulativas (aquelas que levan os verbos *ser, estar...*). O atributo sempre vai referido ao suxeito. (*O doutor novo é moi alto; Hoxe estamos cansos*)
- **COMPLEMENTO DIRECTO**. Xeralmente non vai precedido por unha preposición, só ás veces pode ir introducido por A. (*Os veciños estrean a casa nova; Chamei a Pepe*) Recoñécese porque pode ser substituído polos pronomes O/A(S), -LO/-LA(S) ou -NO/-NA(S). (*Os veciños estréana; Chameino*).  
(Ás estruturas nas que hai CD, chamámoslle ESTRUTURAS TRANSITIVAS)
- **COMPLEMENTO INDIRECTO**. Sempre é realizado por unha  $f_{\text{prep}}$  introducida por A ou PARA, a non ser que sexa un pronome (*Dixen a Pedro que calase*). Pódese substituír por LLE(S) (*Díxenlle que calase*).  
(O habitual é que o CI apareza reduplicado, é dicir, expresado dúas veces. Unha por un pronome persoal, ou por unha  $f_{\text{prep}}$ : *Tróuxenlles regalos a todos*)
- **COMPLEMENTO CIRCUNSTANCIAL**. Expresa noción de tempo, lugar, causa, modo... (*Chegamos onte; Viven en Madrid; Calaron por modestia; Falaban alto*)
- **COMPLEMENTO PREDICATIVO do SUX. ou do CD**. Concorda en xénero e número co **SUX.** ou co **CD**, ás veces confúndese cun MOD ou con CCModo (*Os xogadores chegaron cansos; Leva rotos os zapatos*)
- **SUPLEMENTO**. Esta función sempre é realizada por unha frase preposicional. Dáse con determinados verbos que esixen un complemento introducido por unha determinada preposición. (*Falamos da nova lei; Tiraron coa navalla; Lembreime de todos*)
- **C. AXENTE**. Dáse nas estruturas de pasiva. Sempre é unha  $f_{\text{prep}}$  introducida por POR e sinala quen realiza a acción (*A contabilidade xa foi revisada polo tesoureiro*)

### 6. Cláusulas coordinadas

Como calquera tipo de unidade, as cláusulas poden estar coordinadas. Hai varios tipos de coordinación cos seus respectivos nexos:

Copulativa: **e, nin...** *Chegou, viu e venceu*

Disxuntiva: **ou...** *Ris ou choras*

Distributiva: **ora... ben...** *Ora (ben) sí, ora (ben) non.*

Adversativa: **pero, mais...** *Case, mais non o invitei.*

Na **xustaposición** a relación é polo sentido, sen nexos: *Casei, non o invitei.*

### 7. Cláusulas subordinadas

As cláusulas que realizan unha función dentro doutra cláusula ou nunha frase poden ser de tres tipos:

Substantivas.

Adxectivas ou de relativo.


Adverbiais propias e impropias.

### As cláusulas substantivas

Van introducidas pola conxunción QUE (ás veces SE).

Poden funcionar como SUX, CD ou TERMO nunha fprep: *Que o digan eles non finaliza o tema. Dixeron que volvía. Falouse de que dimitía o presidente.*

*Xoán e Pedro dixeron que eles volvían*



### As cláusulas adxectivas ou de relativo

Van introducidas por un pronome relativo.

As súas funcións son as típicas dun adxectivo MOD. dunha **fnom** ou ATRIBUTO: *Os veciños que chegaron onte. Aqueles que chegaron onte volveron marchar. Ese foi quen te chamou.*

### As cláusulas adverbiais propias

Van introducidas por COMO, CANDO, ONDE (**modais, temporais, locativas**).


Funcionan como CC ou TERMO nunha fprep: *Fixeron como quixeron. Viñeron cando lles petou. Construíron a casa onde tiñan os terreos. Falaron de como lles fora en Inglaterra.*

## 7. Cláusulas interordinadas

As cláusulas interordinadas presentan unha relación de dependencia mutua. Expressan nocións que non sempre son equiparables aos CC, de aí o nome de **cláusulas adverbiais impropias** co que tamén se coñecen. Sempre forman estruturas de dous membros e funcionan dentro das chamadas **oracións bipolares**.

Presentan os seguintes tipos, coas súas respectivas funcións:

<b>Adversativas</b> <i>Pero, mais, senón...</i>	TESE	ANTÍTESE
	<i>Quixen ir pero non puiden</i>	
<b>Concesivas</b> <i>Aínda que, malia que...</i>	OBXECCION	CONCESION
	<i>Non irei, aínda que queiras</i>	
<b>Condicionais</b> <i>Se</i>	CONDICIONADO	CONDICIONANTE
	<i>Irei se mo pides</i>	
<b>Causais</b> <i>Como, porque, xa que..</i>	CAUSA	CONSECUENCIA
	<i>Vou porque mo pides</i>	
<b>Consecutivas</b> <i>Daquela, así que...</i>	ANTECEDENTE	CONSECUENTE
	<i>Chove,, daquela non vou</i>	
<b>Comparativas</b> <i>Máis ca (que, do que)...</i>	1º TERMO	2º TERMO
	<i>María é máis aleuta có mozo</i>	
<b>Finais</b> <i>Que, para que...</i>	INTENCIÓN	OBXECTIVO
	<i>Estudo para que me aproben</i>	



## Exercicios

1. TEXTO: Díxenlles que volvesen cedo e Filipe chegou moi canso. Os veciños dos meus avós paternos non puideron vir, mentres non parou de chover. Tampouco chegou meu curmán que veu de Euskadi. Eu síntome mal. Comín todos os pasteis que sobraron

**Das seguintes secuencias do texto indica cales son frases e cales son cláusulas:**

1. Filipe chegou moi canso
2. Moi canso
3. Díxenlles que volvesen cedo
4. Non puideron vir mentres non parou de chover
5. Os veciños dos meus avós paternos
6. Non che digo como facelo
7. Meu curmán que veu de Euskadi
8. Eu síntome mal
9. Comín todos os pasteis que me trouxeron
10. Os pasteis que sobraron

**2. Analiza sintacticamente:**

1. A banda de música celebrou onte a Santa Cecilia
2. Talvez, os lalinenses máis ilustres sexan Aller e Loriga
3. Hoxe sentímonos orgullosos
4. Pedro levou os nenos ao parque
5. Comuníqueille a nova a papá
6. A carta foi remitida polo auxiliar
7. Aquel adestrador berraba con todos
8. Colle as mesas para a festa
9. Díxenllo moi baixiño
10. Os nenos volveron moi desmoralizados, despois do partido
11. A nova empresa enviou equivocados os pedidos
12. Considero inadecuada a túa persoa
13. Pensou mal en min
14. Volveu repasalo coa profesora particular

**3. Subliña as cláusulas subordinadas e indica a súa función**

1. Non che volvo repetir que te deites
2. Qwen te pariu que te lamba
3. O que un aborrece, outro o apetece
4. Falei con el cando puiden
5. Preguntei porque non viñera
6. Xustificou que viña hoxe
7. Ao que non está afeito ás bragas, as costuras fanlle chagas
8. Os avisos que me enviaches chegaron onte
9. Onde non se perde algo todo é miseria
10. Na aldea que non é boa, hai máis mal do que sona
11. Mentres non hai abrótegas, non hai maragotas
12. Cando vires candea no castiñeiro, leva a ovella ao carreiro
13. Perdeu como dixerades vós
14. Que o digas ti non é razón suficiente
15. O que non alcanzan barbas, conségueno faldras
16. Palabra, díxolle o lobo á cabra para ver se a alumiñaba
17. Síntome coma un pito que caeu na auga

**4. TEXTO:**

Misia Chinta morreu nos vinte días. Tiña os ollos moi abertos e endexamais remataba o rosario que decorría, angustiosamente, nas *probes* mans. O serán do enterro, a Xenoveva rifou como unha tola cunha criada. Don Farruquiño pechouse no cuarto. Ouveou un can *martizado* polos nenos. Don Caetano, *desque* se foron os *probes pedichós*, paseou coma sempre pola solaina do patio. *Soilo* a Gumersinda chorou a rego e non pechou os ollos na noite.

OTERO PEDRAYO, Ramón: *Os camiños da vida*

**a) Clasifica as formas non estándares.**

**b) Analiza sintacticamente as oracións do texto.**

**5. Analiza a estrutura oracional:**

1. Aforra o avaro, e non sabe para quen nin para cando.
2. Non canta, nin baila.
3. Colla ese camiño, vire á esquerda e enfíe recto.
4. Ora afirma, ora nega. Quen o entende?
5. Non poderá o cego ver, pero ben sabe apalpar.
6. Besta de arrieiro vai sempre en recua e nunca sabe o que leva.
7. Bocado de mal pan, non o comas nin o deas ao teu can.
8. Ou vés ou quedas, pero non me enredes máis.
9. Cava fondo, e terás colleita abondo.
10. Busqueino toda a tarde, pero non dei con el.
11. Aínda que nevase, iría soa.
12. Non chamaron, así que podes estar tranquilo.
13. O lobo non come da carne que *quer*, senón da que houber.
14. Abril, se por mal que vir, as portas non deixa abrir.
15. Se te pica un alacrán, chama crego e sancristán.
16. Entre Marzo e Abril, *sal* o cuco do cubil, que coa neve non *quer* vir.
17. Bicos e apertas non fan meniños, mais tocan a vésperas.
18. As silveiras e os *ladrós*, inda que se prendan non son bos.
19. Púxose moi farruco, porque lle aceptaron o presuposto.
20. Non me sentía ben, sen embargo fun.
21. Fomos ao partido, pese a non termos moitas esperanzas.
22. Non aprobou porque non quixo.
23. Malia que teño mala a perna, ben sei onde está a taberna.
24. Dado que segues na mesma, amáñate ti só.
25. Que foi que xa non está, que o tempo non anda para atrás.
26. Muda o lobo os dentes, mais non as mentes.

**6. Fai unha análise completa:**

1. O oficio do albardeiro é meter palla e sacar diñeiro.
2. Se precisas a un, bícao no cu; pero se el te ha mester, que te bique el.
3. Cando Candeloria chora, medio inverno vai fóra; que chore, que deixe de chorar, *metá* do inverno está por pasar.
4. A todos os que servimos, aínda que sempre traballemos, sempre nos din que durmimos.
5. Sufrir, por valer; traballar, por ter, e estudar, por saber, calquera o pode facer.
6. Todo tempo pasado foi o máis loado, porque o que está por vir, ou nos fará chorar, ou nos fará sorrir.

**7. Cal é diferenza sintáctica entre as dúas seguintes propostas. Xustifica a resposta:**

- a) Se é de Lalín é bo / Se é de Lalín, é bo.
- b) Lalín, un interior único / Lalín é un interior único.

**8. Caracterización da sintaxe oral (ver anexo 1).**

## Anexo 1 (Tema 6. A sintaxe). Caracterización da sintaxe oral<sup>2</sup>

1. **Concatenación.** Fronte á sintaxe textual con predominancia subordinada, a lingua oral caracterízase pola concatenación ou acumulación de enunciados. Na secuencia oral o discurso vaise perfilando ao mesmo tempo que falamos, sen unha estrutura concreta que o encadee:

*E botou a correr e non había quen o collese. E corre, e corre, e corre, e corre, dicíaslle.*

2. **Circunloquio.** Malia o circunloquio provocar un avance lento da información, este non perturba a comunicación representando un recurso moi socorrido na oralidade.

*O melgacho, ese xa, nunca tivo aceptación na casa porque... É un, ten unha carne, que está cheo de carne; e ten... é unha carne boa, así que o melgacho nunca antes o quixeron, agora si o queren.*

3. **Reiteración.** É este un mecanismo orientado á recuperación da información, ao reforzo dunha conclusión ou ao adiamento dunha intervención:

*Iso é unha boca, Chámase boca. Si, dinlle boca á parte da nasa, a parte alta da nasa.*

4. **Ligazón a través da entoación e dos marcadores discursivos.** A cohesión textual lógrase a través de enlaces extraoracionais, pois os falantes non se comunican empregando oracións, senón enunciados que se cohesionan mediante a entoación, os marcadores, os silencios etc.

*Ves moitísimas persoas, ou sexa, xente que coñecemos en Lalín, xente de Lalín, non sei, de, Rodeiro, de Silleda, eu que sei, falas con todos, non?*

5. **Flexibilidade na orde das palabras.** Na lingua oral a estrutura SUXEITO + PREDICADO + COMPLEMENTOS vese alterada de maneira continuada, pois a orde de palabras responde a necesidades pragmáticas: marcar focos de atención ou de contraste, corrixir, reformular, eliminar ambigüidades etc. Neste sentido, a orde da sintaxe oral é máis libre que a da sintaxe escrita, xa que vén regulada pola situación comunicativa e pola intención do emisor.

*Non sei miña avoa os ollos a cor que tiñan*

Aínda que o SUXEITO ocupe normalmente a posición preverbal, este elemento pode ocorrer á dereita ou á esquerda do verbo, tendo en conta que a súa posición obedece esencialmente a razóns informativas. Con efecto, un enunciado estrutúrase a partir da información que o emisor xulga que o destinatario precisa coñecer, respondendo a unha pregunta hipotética. Así, a información nova aparece xeralmente á dereita do verbo, en canto a información menos relevante do punto de vista comunicativo tende a se situar á esquerda.

*Sabes ti se irá a Pontevedra a túa irmá?*

5. **Alternancia de discurso directo e indirecto.** Na interacción oral os falantes actualizan os feitos narrados colocándoos no momento presente e, como acontece con outros mecanismos como o vocativo ou os marcadores discursivos, manteñen a atención do destinatario. Este tipo de relato é o que favorece a alternancia de discursos directo e indirecto.

*Cando saín do instituto, ía para a casa, saía e encontreime con el / ola, ola e díxome: “Queres tomar café?” / non había onde me meter, case morro, e eu: non, teño présa / di: “e logo?”*

6. **Deixe e elipse.** As referencias deícticas e a elipse son de enorme relevancia no discurso oral. Nun enunciado como *E curáronme esta ferida de aquí* é imposible coñecer as referencias das expresións sen ter en conta a deixa contextual.

Polo que respecta á elipse, son característicos da sintaxe oral os enunciados suspendidos, que non deben considerarse secuencias incompletas, sempre e cando o destinatario as comprender. A elisión non se explica por motivos de economía lingüística, senón por vontade de énfase. Foneticamente, estes enunciados mostran unha entoación ascendente e, ás veces, unha prolongación da última sílaba.

A finalidade pragmática destes enunciados, independentes formal e informativamente, é reforzar a actitude, os argumentos ou conclusións. Porén, este esquema básico pode complicarse e, así, unha solicitude combinada cunha suspensión pode servir, por exemplo, para recriminar. *-Telos aí? De sabelo...*

<sup>2</sup> In *Gramática práctica da lingua galega. Comunicación e expresión*. Xoán López Viñas, Cilha Lourenço Mória e Marisa Moreda Leirado. Baía Edicións (páx. 456-458).



## Anexo 2 (Tema 6. A sintaxe). Uso da preposición **a** co Complemento Directo

O complemento directo acostuma colocarse após do verbo e non vai introducido pola preposición **a**, agás nos seguintes casos:

- Cos nomes de parentesco que levan posesivo sen artigo:  
*Retratou **a** túa nai*
- Cos pronomes persoais tónicos (**pleonasma** do CD):  
*Escoiteina **a ela** desde o cuarto.*
- Cos antropónimos (uso facultativo).  
*Vin (**a**) **Lois** no bambán*
- Cando o complemento directo precede o verbo:  
***A ese escritor** vino na biblioteca*
- Co CD de persoa ou cousa personificada só en casos de ambigüidade:  
*Chamou a madriña **á noiva** polo móbil (Ela chamou **a madriña**)*  
*Sempre amolaban **aos** profesores*
- Na comparación:  
*Educou tan ben os fillos como **ás** fillas*
- Ante *todos(as)* referido a persoas:  
*Vinos **a** todos na biblioteca da facultade.*
- En xeral, cos identificadores *alguén* e *ninguén*, sobre todo cando non levan ningún especificador:  
*Non vin **a** ningún coñecido / non vin ningún coñecido*

## Exercicios de repaso 1: Substantivo, adxectivo, artigo...

### Texto:

#### **Fábula**

O gato, a rata e o falcón. De cando en vez algún conxénere desta, portadora dunha doenza **letal**, estoupa no medio da casa do gato e leva consigo a un grupo de gatos como un David mudado en Sansón.

O gato, pola súa banda, fártase a comer ratas nunha desratización cotiá a canonazos, vaia, a ‘*misilazos*’.

O falcón amigo **amoésta** se se pasa un chisco, pero sempre está presto a sobrevoar o niño de ratas e deixar caer o seu feixe de frechas, suxeito a unha das **poutas imperiais**.

Non se trata, de ningún modo, dunha adiviña.

Quen tardaría máis duns segundos en identificar o gato **adiposo**, bañado no seu suor, enroscado no brando coxín tecnolóxico, onde a súa ‘*gatidade*’ case non cabe?

E á rata de pelos raros rillando o sebo dos cabos de vela no seu **sórdido** burato?

Ou ó falcón ca pel do aguiá heráldico?

Ratas palestinas no xa medio centenario Estado dos gatos xudeus, baixo a protección do Grande Arbusto, o case curmán ‘*cow-boy*’ das Américas.

Como sempre hai a quen non se lle dan ben as adiviñas, nin aínda tan fáciles coma esta, daquela procura ti a solución.

Benigno Prado, *La Voz de Galicia*, 30-IX-2002. (Tradución)

### Cuestións sobre o texto.

#### **Morfoloxía:**

1. Localiza e analiza os substantivos e adxectivos do 1º parágrafo do texto.
2. Indica os casos de xénero incorrecto e explícaos.
3. Cambia de xénero os xentilicios *palestinas* e *xudeus*. Cita outros dez xentilicios do Mediterráneo e flexiónaos en xénero e nº.
4. Cámbialle o xénero e explica a variación xenérica que presentan: *falcón*, *cotiá*, *rata*, *burato*. Comenta os casos de cambio de significado.
5. Que valor ten o morfema de plural en *Américas*?
6. No texto aparece a forma *pola* (líña 5) con presenza da segunda forma do artigo. En que outro caso é obrigatorio o uso da mesma? Pon un exemplo.
7. Localiza e explica unha contracción incorrecta.
8. Explica os usos de *como* e *coma* a través dos exemplos do texto.
9. Explica e pon exemplos do uso apocopado de “*grande*”, a partir do exemplo do texto.

#### **Fonética e fonoloxía:**

10. Transcribe foneticamente as palabras “*chisco*” e “*sempre*” e describe os trazos cada fonema.

#### **Léxico-semántica.**

11. Define as palabras en negriña.
12. Segmenta e clasifica: *desratización*, *sobrevoar*, *canonazos*, *tecnolóxico*, *centenario*. Explica o significado dos afixos.
13. *Cow-boy* é un anglicismo innecesario (barbarismo), cita outros dez considerados como préstamos de necesidade.

**OUTRAS:****A. Introduce as conxuncións comparativas que cumpran. Esgota as posibilidades correctas:**

- a) *É máis aleuto\_\_\_\_\_pensas.*
- b) *Non ten tanta maña\_\_\_\_\_coidaba.*
- c) *Corre menos\_\_\_\_\_ tí.*
- d) *A auga da billa é menos rica\_\_\_\_\_ da fonte.*
- e) *Comen mellor os teus rapaces\_\_\_\_\_os meus*
- f) *Tan bos\_\_\_\_\_ eles xa os teño visto.*
- g) *Tiña un pé máis grande\_\_\_\_\_ o outro.*
- h) *Facía tantas pallasadas\_\_\_\_\_ o meniño.*
- g) *Este rapaz seméllase máis ao pai\_\_\_\_\_ á nai.*

**B. Explica o uso das formas *ca*, *que* e *do que* nos seguintes refráns. En caso de uso incorrecto dalgunha das formas explica:**

- a) *Vale máis quen sabe ter que quen ten saber.*
- b) *Vale máis lamber que morder.*
- c) *Máis mal se pasa na aldea do que se pensa.*
- d) *Máis colleita dá o ano có campo ben traballado.*
- e) *Non hai auga máis mala cá que dorme.*

**C. Cambia de xénero e indica a variación xenérica que presentan:**

<i>anción</i>	<i>insán</i>
<i>cabrún</i>	<i>carneiro</i>
<i>mamón</i>	<i>bolso</i>
<i>galopín</i>	<i>gardían</i>
<i>emperador</i>	<i>león</i>
<i>cirurxián</i>	<i>pacifista</i>
<i>alemán</i>	<i>tecelán</i>
<i>cancela</i>	<i>froito</i>
<i>tabán</i>	<i>urbana</i>
<i>temperán</i>	<i>charlatán</i>
<i>carallán</i>	<i>vacún</i>
<i>gran</i>	<i>puritana</i>
<i>nora</i>	<i>pasmón</i>
<i>langrán</i>	<i>pagán</i>
<i>dedo</i>	<i>louzán</i>

**D. Forma o comparativo e o superlativo de:** Grande, pequeno, bo, malo, alto, baixo.**Análise de texto.**

1. Fai unha síntese do texto.
1. Sinala a estrutura do mesmo.
1. Fai un comentario crítico tendo en conta as ideas expostas no penúltimo parágrafo. (200-250 palabras aproximadamente)

## Exercicios de repaso 2: Pronomes...

### Texto:

#### **A vella e o escribán**

Nunha vila pequecha había unha vella que tiña unha tendiña de seu na que vendía cacharros; lle deu un aquel e fendeu a maior parte.

A muller foi dicíndose para si: pola tarde vou petar na porta do veciño:

- Hai **licenza**? –dixo ela.

O **escribán** contestou:

- Haina! E el que é o que a trae por esta casa?

- Señor, eu sonlle pobre, ben o sabe! Non teño outros bens máis que unha tendiña de cacharros e teño que mirar polas miñas cousas.

- Ben cho sei, e que cousa ou quenes a trouxeron aquí?

- Pois vin por axuda. A min fíxome mal un veciño e eu quería saber se me valería a xustiza.

- Pois di, muller, di!

- Élle pouca cousa, señor, mais para min que son pobre, xa se sabe, supón moito. O meu veciño ten un can que hoxe me **tripou** as **olas** da tendiña e fendeume a maior parte delas. Eu quería saber se teño dereito a lle pedir ao meu veciño os cartos das olas.

- Si, muller, telo, ámbolos o sabemos.

- E daquela como hei facer para non perder o dereito?

- Tu dixécheslle algo?

- Non, aínda non lle dixen ren.

- Pois, daquela, o primeiro é dicíresllo e, se non che quere pagar, podes denunciálo como calquer o faría no teu caso.

- -Elo ben está, si señor. Voulo dicir agora mesmo.

- Si, muller, si. Díllelo.

- É que o can era o de vostede.

- Ah! - dixo aqueloutrado o escribán.

- E canto valían os pucheiros?

- Valíanlle dous pesos, mi señor.

O escribán abriu o caixón da mesa e tirou os dous pesos e deullos á veciña:

- Quedamos pagos?

- Quedamos, si señor, moitas graciñas, vaia pola alma dos seus defuntiños! Quede consigo.

- E foise a vella, mais nestas, cando ía pasar da porta para fóra, díxolle o escribán:

- Oíu, miña señora. Esquecéumelle unha cousiña. Veña acó conmigo! E cando a vella volveu, engadiu el:

- E vostede non sabe que os escribáns non andamos de balde, que tamén cobramos por traballar? Agora tocoulle a vostede: ten que me deixar tres pesiños pola consulta!

*Contos populares (adaptación). Galaxia.*

**Cuestións sobre o texto.****Morfoloxía:**

1. Comenta e corrixe os erros.
2. Sinala os posesivos e comenta os seus valores.
3. Sinala e analiza os demostrativos (comenta os valores especiais).
4. Localiza e analiza os indefinidos e numerais.
5. Localiza os pronomes persoais e indica a súa función sintáctica.
6. Explica a colocación de catro pronomes persoais átonos.
7. Indica todos os *que* do texto e analízaos.
8. Substitúe os complementos ou atributos nas secuencias subliñadas por pronomes persoais.

**De repaso.**

1. Transcribe foneticamente *veciño* e *olas* e describe os trazos de cada fonema.
2. Xustifica o uso do acento diacrítico das palabras do texto que o leven.
3. Cambia de xénero e clasifica en función da variación xenérica: *escribán, muller, can, dereito*.
4. Define ou explica o significado que teñen no texto as palabras en negriña.
5. Segmenta e clasifica: *tendiña, pucheiros, caixón, aqueloutrado, xustiza*. Explica o significado dos afixos.
6. Forma a familia léxica de: *veciño, xustiza, vila, dereito* (indica se é regular ou irregular).
7. *Can* é un animal doméstico. Forma o campo semántico de 10 animais domésticos tradicionais. Flexiónaos en xénero.

**OUTRAS CUESTIÓNIS:****A) Corrixe os erros que atopas nas seguintes frases:**

- a) Erguémosnos contra a inxustiza.
- b) Andei toda Galiza polo ver.
- c) Envieille a carta aos electores.
- d) Levádeo con vós
- e) Pono entre ti e eu.
- f) Non che se escapa unha.

**B) Substitúe os complementos en negriña por pronomes átonos**

- a) Coñecín **a vostede** o ano pasado.
- b) Tirou **pan aos parrulos**.
- c) Dixo **nunca máis** e chamáronlle **insolidario**.
- d) Máis nada darche **o anel de compromiso**, colliches **unha notable frouxidade de ventre**.
- e) Liches **as notas ás alumnas e aos alumnos**.
- f) Cedeu **as entradas a vós**.

**C) Analiza os pronomes das seguintes frases:**

- a) Oíaas falar.
- b) Que o futuro lle me depare sorte a esta miña netiña.
- c) Este meu mozo non che me ten amaño
- d) Se o son, non che lle hai que facer.
- e) Se non a era, semellábase moito a ela.
- f) Agarda por min.

- g) Véxote moi arredado de nós.
- h) Seica podes vir connosco.
- i) Es mellor ca min.
- j) Cada curso que pasa dánsechemevos menos as mañás para copiar.

**D) Indica razoadamente se é correcto o emprego de SE nas seguintes frases:**

- a) Comeuse a empanada.
- b) Ten que mudarse para ir á voda.
- c) Despois de romper, seguiron enviándose galanos.
- d) Caeuse ao chan.
- e) Reservouse o dereito de dimisión.

**E) Indica as distintas posibilidades de colocación do pronome.**

- a) Non \_\_\_ quixo \_\_\_ cobrar \_\_\_ (che)
- b) Vai \_\_\_ facendo \_\_\_ as beiras. (lle)
- c) Con \_\_\_ deixaren \_\_\_, non nos arranxan nada. (mo)
- d) Seguramente \_\_\_ tes \_\_\_ que \_\_\_ facer \_\_\_ (te)

**F) Indica o valor dos demostrativos:**

- a) Non me veñas con esas.
- b) O problema é este: non haberá traballo.
- c) Fora daquela cando casamos.

**G) Indica os valores dos posesivos:**

- a) Andaba sempre coas súas teimas.
- b) Cos seus oitenta anos é aínda liga.
- c) Van en cadansúa chalana.
- d) Aqueles son os teus xamóns.
- e) Tiña un pub de seu.
- f) Sen a miña sesta, non son ninguén.
- g) Do noso punto de vista...

**H) Escribe en letra as seguintes secuencias:**

- a) 23
- b) 7º
- c) 34
- d) 500
- e) 80º
- f) 90º
- g)  $360/120=2p/x$
- h)  $c=12/0,61566*0,99845=19,5$

## Exercicios de repaso 3: Verbo, adverbio...

### Texto 1: O caso dos tres patíños

O asasinato fora o sábado, pero non o **soubemos** ata o luns. De querer, os criminais xa **podían** estar no Brasil.

Sen esperar polo comisario, Roque e mais eu **collemos** cara ao lugar do crime. Cando **chegou**, viña alporizado. Houbera sufrir un accidente polo camiño e estaba fóra de si:

- Que? –Preguntou, despois dunha primeira visual.

- Puido ser o que **pensabamos** que ía suceder. “Quentaorellas” –Roque referíase a un confidente-comentara algo.

- Se lle houbésemos feito caso a “Quent... – O Comisario non me deixou rematar...

- Ten que selo, que outra cousa se non... –Moumeou o Comisario, en alusión á suxestión de Roque.

Xa na comisaría, estábamos esperando unha sorpresa. Era unha moza loura, de longas pernas e ampla espeteira, que debía andar polos trinta. Ao vela, o Comisario rompeu a rir. Eran unhas gargalladas falsas que xa tiñamos oído algunha vez

- Ti aquí!. Era visto! Pois moi ben, o que ti digas...

A loura non se moveu, e coma se non fose con ela, comezou a cantar:

*Os tres patíños fóronse bañar*

*a nai furiosa quíxolle pegar*

*e o máis pequeniño houbo afogar*

*e o pobre patíño botouse a chorar*

Daquela, eu levaba traballando sete anos co Comisario. Cría coñecelo mellor que a nai que o botou. Pero **mente** quen crea que a capacidade de sorpresa está esgotada.

Remangou os pantalóns ata os xeonllos, púxose a fungar coma un meniño e botouse no colo da loura. Semellaba un mamonciño mexeriqueiro. Ela volveu cantar o dos patíños.

Roque e eu non estabamos nin ao vao, nin á beira. Tratamos de marchar discretamente, pero antes de poder botar o pé fóra, o Comisario, con voz imperativa, chamou por nós.

Paramos. El estaba de pé. A loura seguía cantando baixiño.

- Non volo explico porque nunca o chegaredes a entender. Teriades que nacer sete veces para entender o que vos vou dicir –entón fixo un xesto de cortesía teatral e rematou: - Non hai que buscar máis, velaquí tedes a asasina. Acaba de confesar. Nese momento, todas as pezas nos empezaron a encaixar.

Desde aquela a hoxe (van alá vinte anos!), véñense tecendo moitas lendas sobre costumes pervertidos do Comisario. Son falsas e para acalalas, debo contar como foi todo.

Vaiamos, pois ao Nadal do de 1982, sete meses antes do asasinato. Roque e mais eu, paseabamos da man, á beira do estanque do Pontiñas...

### CUESTIÓNS:

1. Subliña e explica o valor das perífrases do texto
2. Completa o presente de indicativo ao que corresponde a forma **mente**. Explica as peculiaridades da súa conxugación. Pon outros exemplos similares.
3. Localiza aqueles infinitivos do texto que poderían levar desinencias persoais, ponllas. Localiza dous que non as poidan levar por distintas razóns e explicaos.
4. Subliña e clasifica os adverbios e expresións adverbiais do texto.
5. Trata de explicar o significado das preposicións e locucións prepositivas subliñadas.

**Texto 2: O Tsarévich Cabrito**

Ao morrer o tsar e a tsarina, deixaron un fillo e unha filla. El chamábase Ivanuchka e ela Alenuchka.

Coa morte dos pais, Ivanuchka e Alenuchka, por non ter ningún parente, quedaron sós e decidiron ir percorrer o mundo.

Puxéronse en camiño e andaron ata que o sol subiu no ceo á súa maior altura e os seus raios lles queimaban, facéndoos afogar de calor. /.../ Nada máis chegar a unha extensa chaira onde había unhas vacas a pacer, viron un estanque.

- Teño sede -dixo Ivanuchka.

- Non bebas, irmanciño. De beber, transformaraste nun becerro -advertiuno Alenuchka.

Ivanuchka obedeceu e ambos seguiron o seu camiño. Andaron unha boa miga ata chegar a un río, á beira do cal pacía unha manda de cabalos.

- Oh, irmanciña! Se **souberas** que sede teño! -dixo outra vez Ivanuchka.

- Non bebas, irmanciño: De facelo, transformaraste nun poldro.

Ivanuchka obedeceu e continuaron andando; despois de andar moito tempo viron un lago, alí pacía un rabaño de ovellas.

- Oh, irmanciña! Quero beber!

- De beber, Ivanuchka, transformaraste nun añaño.

Obedeceu o neno e seguiron adiante; chegaron a un arroyo, xunto ao cal os pastores vixiaban a unha piara de porcos.

- Oh, irmanciña! Xa non podo máis, teño unha sede abrasadora! -exclamou Ivanuchka.

- Non bebas, irmanciño, porque te transformarás nun bacoriño.

**CUESTIÓNS**

1. Localiza aqueles infinitivos do texto que poderían levar desinencias persoais, ponllas. Inventa outros tres exemplos.
2. Explica as peculiaridades da conxugación de 'souberas'
3. Analiza e segmenta nos seus constituíntes as formas verbais subliñadas no texto.
4. Localiza as conxuncións e locucións conxuntivas e analízalas.